




aulas livres

revista de pensamento,
información e debate
do **steg**

12

aulas libres nº 12

Galiza, Abril de 2019

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.


Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse a 1 de abril de 2019.

imaxe de portada:
fragmento dunha fotografía de Germán Tizón
(blog *Os nove do Foxo*)

aulas libres 12




2 editorial
Comisión Permanente do
Secretariado Nacional

18 experiencias de aula:
entrevistas a
coordinadoras de
bibliotecas e
a docentes de artes
Verónica Martínez Delgado

3 acción sindical
Comisión Permanente do
Secretariado Nacional

25 experiencias de aula:
Aarón Bernárdez



10 todas iguais pertencendo
a minorías
Verónica Martínez Delgado


26 rosalia de castro nas aulas
de música
Eliseu Mera

12 presentación calendario
das mulleres
Asemblea de Mulleres do
STEG

29 40 anos de primavera
electoral
Mar de Santiago

14 a folga do 8M
Asemblea de Mulleres do
STEG

30 claves para unha
organización efectiva
Xosé Sobral



15 asemblea Nova Escola
Galega
Sonia Fernández Casal

31 para ver, para ouvir,
para ler
Emilio X. Ínsua
Verónica Martínez Delgado

17 letras galegas:
antonio fraguas
Emilio X. Ínsua

36 texto literario
Verónica Martínez Delgado

editorial

No intre de redixirmos estas liñas de editorial para o décimo segundo número da nosa revista, estamos xa convocadas ás urnas e dispoñémonos a despexar a incógnita de se a involución que aflora en amplos segmentos mediáticos e sociais se traduce na esfera política no trunfo das opcións reaccionarias e a configuración dun futuro goberno *trifáchico*, cos eventuais retrocesos que iso significaría en ámbitos moi sensíbeis da sociedade, a comezar pola educación e a seguir polo idioma, a igualdade de xénero, os dereitos cívicos, a memoria histórica e un longo etcétera ou, se por contra, a despeito da desalentadora fragmentación de siglas que amosan, as diversas esquerdas son capaces de sumaren unha maioría que salvagarde tantas conquistas que vemos seriamente ameazadas e que recoloque os intereses do país galego, ademais, entre os principais asuntos da axenda política inmediata no Estado español.

Non se fixo, e que cada pau terme da súa vela, na lexislatura finiquitada coa LOMCE, que aí quedou, coma un farrapo, nin derogada, nin substituída, destilando día a día nos centros os seus velenos segregadores, confesionais, neoliberais e privatizadores en determinados aspectos e por fortuna atada noutros por unhas moratorias cautelares (“reválidas”, “ránkings de centros”, etc.) que moito nos tememos non se manterían nun escenario de triunfo dereitista. A nova lexislatura debería traer consigo o envío definitivo ao caixón da historia dese pesadelo lexislativo que caíu sobre a educación da man do inclito e xa case que esquecido ministro Ignacio Wert.

Non é misión do STEG, un sindicato democrático, nacionalista, de clase, plural e asembleario, orientar o sentido concreto do voto da súa afiliación, que é toda maior de idade e libre de decidir cando, como e por quen exercita o seu dereito, mais tampouco entra dentro do admisíbel permanecermos caladas diante dun horizonte político que, na peor das hipóteses, pode traer consigo retrocesos alarmantes que nos afecten de cheo como docentes e como persoas comprometidas cunha sociedade democrática e xusta.

Daquela, desde o máximo respecto á libre e secreta escolla individual, chamamos a toda a nosa afiliación e ao conxunto da sociedade galega a exercer a responsabilidade de non deixarmos entre todas que o reaccionarismo monte na onda do abstencionismo,

como aconteceu nas autonómicas de Andalucía, e conquiste espazos que logo ha utilizar, sen ningún xénero de dúbidas, para facernos menos libres. Aínda que as esquerdas nos poñan difícil que papeleta elixir, de tanto que se empeñaron en amosarse desunidas cando máis falta facía a xenerosidade, a irmandade e a altura de miras, debemos polo noso propio ben contribuir a que sumen en conxunto máis que as tres dereitas extremadas que día si e día tamén arreguizan as nosas peles co seu arsenal de propostas “ultras” en todos os planos da vida social.

O clamor das rúas no 8M, as loitas ecoloxistas, as reivindicacións da sanidade pública, a mobilización de tantos traballadoras e traballadoras polo mantemento dos seus postos de traballo en perigo ou a causa da lingua e da cultura galegas, por non falar de todas as reivindicacións a prol da escola pública de todas e para todas, deberían ser suficiente acicate para non ficarmos na casa o día das eleccións agardando a ver se por fin escampa o mouro panorama que se foi deseñando na esfera política en tantas latitudes do mundo, incluída a nosa.

Entre tanto, despois dun resultado moi digno, pero insatisfactorio, nas eleccións sindicais de decembro de 2018, o STEG encara nos vindeiros meses un novo proceso congresual que debe servir para afinarmos as nosas análises, recuperarmos participación de moita afiliación que se descolgou do traballo diario, agrandarmos a nosa base e acertarmos na diagnose dos problemas que aqueixan a escola galega, na procura de solucións realistas e factíbeis. En paralelo, vimos mantendo xa conversas, nun clima moi positivo e fraterno, con outras forzas sindicais alternativas de ámbito galego de cara a un eventual proceso de intersindicalización, que nos permita encarar o inmediato futuro da nosa acción sindical desde unha plataforma máis forte e representativa.

análise dos resultados das eleccións sindicais de decembro de 2018

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

Os resultados electorais colleitados polo STEG son dispares segundo as provincias. Os datos das eleccións, a grandes trazos, son estes:

A Coruña: O censo de 2018 incrementouse en 293 persoas, pasando dos 12.492 votantes ata 12.785. O STEG colleitou 783 votos, o que significa un aumento de 23 votos máis; pérdese, porén, un/unha delegado/a, pasando dos 5 aos 4. A porcentaxe de votos foi do 9,33%, fronte ao 10,66% de hai catro anos.

Lugo: o censo de 2018 incrementouse en 125 persoas, pasando de 3.869 a 3.994. O STEG colleitou 78 votos máis, gañando un/unha delegado/a e pasando de 2 a 3, co que se consegue atravesar por vez primeira o umbral do 10% - a franxa do 10 % é un dato importante, pois conleva beneficios no reparto de cupos de liberación sindical -. A porcentaxe de votos foi dun 10,30% en comparación coas eleccións anteriores, dun 8,32%.

Ourense: O censo incrementouse en 77 persoas dende o 2014. O STEG colleitou 13 votos menos que nas anteriores eleccións, obtendo en todo caso o mesmo número de delegados/as, 2. A porcentaxe de votos foi do 7,12%, en comparación coas eleccións anteriores, dun 8,31%.

Pontevedra: O censo incrementouse en 141 persoas, pasando de 10.909 a 11.050. O STEG colleitou 191 votos menos, perdendo un/unha delegado/a e pasando de 4 a 3. A porcentaxe de votos foi do 6,83%, en comparación coa das anteriores eleccións, un 9,72%.

A grandes trazos, o STEG presenta un crecemento escaso e desigual. Non debemos falar dun crecemento significativo en termos xerais, pois o aumento dun/dunha delegado/a en Lugo contrasta coa perda dun delegado na Coruña e doutro en Pontevedra respectivamente e o mantemento en Ourense.

Indo ao detalle, este descenso presenta diferenzas, pois en Pontevedra o STEG perde 191 votos, namentres en Coruña gaña 23. Cómpre ter en conta tamén nesta lectura a forte suba de organizacións coma CC.OO., que aumenta na provincia da Coruña 404 votos, e obtén 430 votos máis en Pontevedra.

A USDG, organización de profesorado interino e substituto de recente aparición, malia non obter representación en ningunha provincia, obtén 368 votos en Pontevedra, na Coruña obtén 374, namentras que en Ourense acada 73 votos e en Lugo non puido formar lista electoral, co cal non se presentaron ás eleccións. Analizando os resultados electorais, resulta evidente que a aparición deste sindicato nos perxudicou, xa que houbo centros concretos, especialmente nos CMUS, onde o trasvase de votos de STEG á USDG respecto ás anteriores eleccións foi manifesto.

Independentemente das lecturas distintas que se poidan facer, cómpre ter presente que o STEG leva anos padecendo unha situación de febleza organizativa a nivel de recursos humanos, que condiciona de xeito importante a propia actividade sindical e o rendemento electoral. Doutra banda, xúlgase insuficiente a participación da afiliación, aínda que se valora moi positivamente a aportación daquel segmento da mesma que si o fai.

Dos datos obtidos por centros podemos sacar unha serie de xeneralizacións:

- Nos centros onde non temos persoas afiliadas ou non fomos capaces de visitar durante a campaña non temos votos.

- Nos centros que visitamos durante a campaña nos que non traballaban persoas afiliadas conseguimos un ou dous votos.

- Os centros onde mellores resultados obtivemos foron onde traballan persoas que participan ou participaron nalgún momento do funcionamento do STEG, e se identifican coma membros do noso sindicato diante do resto do claustro.

A isto hai que engadir a problemática da demografía galega, na que existe unha dispersión territorial moi grande e unha densidade de poboación moi desigual segundo as diferentes comarcas. Unido ao feito da nosa escaseza de recursos humanos, temos que admitir que nos resultou imposible visitar presencialmente todos os centros, non só durante a campaña electoral, senón incluso durante os últimos catro cursos.

De todos estes datos tiramos a conclusión de que, aínda que as visitas aos centros non son determinantes para os resultados electorais (no sentido de convencer ao profesorado co noso discurso), si que son necesarias, xa que onde non temos presenza non somos capaces de chegar por outros medios, ou nos comen o terreo outras organizacións que si son capaces de chegar a todos os centros.

Tamén podemos concluir que a participación activa da nosa afiliación, e a súa identificación como STEG dentro do centro, é o factor que máis favorece os resultados electorais. Polo tanto, as visitas que se realicen deberían estar enfocadas non só a establecer canles de comunicación con todo o profesorado, senón tamén a captar nova afiliación e a mobilizar á afiliación existente para participar activamente da vida do sindicato. Este fomento da participación non se debe restrinxir á participación nas xuntanzas orgánicas; é necesario conseguir que a xente que participe perciba que as súas accións individuais dentro do STEG obteñen resultados, e tamén sería preciso implicar tamén aos membros do STEG mediante cursos de formación e xornadas de debate que resulten atractivas. Pero, ao igual que se sinala anteriormente, para levar a cabo estas accións serían precisos uns recursos que a día de hoxe o STEG non posúe, e para o que dependería da militancia de persoas que non dispoñen de ningún tipo de liberación.

En coordenadas xerais, enténdese que o STEG debe tentar mellorar a participación da afiliación e actualizar o seu discurso para o profesorado interino e substituto, como algúns dos pasos a seguir no medio prazo.

A CORUÑA						
	2010		2014		2018	
	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.
STEG	810	5	760	5	783	4
CIG	3.620	23	3.594	23	3.830	21
CCOO	1.333	9	1.201	7	1.605	9
FETE	753	5	536	3	483	3
CSIF	379	-	479	3	493	3
ANPE	770	5	599	4	821	5
USDG	-	-	-	-	374	-

LUGO						
	2010		2014		2018	
	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.
STEG	290	3	242	2	320	3
CIG	1.036	10	1.034	10	1.115	10
CCOO	256	3	222	2	298	3
FETE	530	5	352	4	263	2
CSIF	358	3	377	4	416	4
ANPE	535	5	460	5	576	5
USDG	-	-	-	-	-	-

OURENSE						
	2010		2014		2018	
	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.
STEG	204	2	197	3	184	2
CIG	703	8	662	9	654	7
CCOO	715	8	592	8	729	8
FETE	321	4	257	3	252	3
CSIF	52	-	115	-	269	3
ANPE	449	5	362	4	322	4
USDG	-	-	-	-	73	-

PONTEVEDRA						
	2010		2014		2018	
	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.	Votos	Deleg.
STEG	699	4	741	4	552	3
CIG	3.426	21	3.394	21	3.558	22
CCOO	1.051	7	815	5	1.245	8
FETE	1.213	8	848	5	937	6
CSIF	197	-	468	3	321	-
ANPE	510	3	441	3	578	4
USDG	-	-	-	-	368	-

TOTAL DELEGAD*S GALIZA 2018		
Sindicato	Nº total de delegad*s	Variación a respecto das eleccións do 2014
STEG	12	-1
CIG	60	-3
CCOO	28	+6
FETE	14	-1
CSIF	10	+1
ANPE	18	+1
USDG	-	-



a respecto do borrador de oposicións: diferente conselleira, os mesmos erros

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

No STEG tiñamos a dúbida de como sería o facer da nova Conselleira de Educación, e neste sentido a oferta de emprego público para este ano era unha ocasión para ver a medida do talante da señora Pomar.

Malia que a priori semelle unha OEP mellor cás anteriores, de novo cométese erros que só prexudican o ensino público galego:

- Non é unha oferta real, xa que as prazas de promoción interna quedan na súa maioría vacantes.

- Consideramos que non responde a unha necesidade real de especialidades; debería realizarse un estudo analizando cales son as necesidades reais, e que contemple un aumento dos postos docentes.

- Esta oferta non vai aumentar o número de profesorado no ensino público galego pois as vacantes inicialmente ocupadas por profesorado interino e substituto pasan a ser ocupadas por persoal funcionario, cuxas prazas de partida, unha vez libres, non parece que vaian ser cubertas por ninguén. Desvestir un santo para vestir outro. Este feito pode supoñer o despedimento de moitas persoas interinas e substitutas, xa que o actual proceso de oposicións non supón ningún recoñecemento nin valoración da experiencia docente. No STEG vimos defendendo dende hai moito tempo que é preciso un acceso diferenciado para a igualdade de oportunidades e un acordo de estabilidade para garantir que non perdan o seu posto de traballo as persoas con máis experiencia docente.

- Nun contexto máis xeral, o que se conclúe logo da lectura atenta desta convocatoria é que a mesma debería facer fincapé na ponderación dos elementos dunha verdadeira Oposición-Concurso, onde se tratase de seleccionar as persoas máis preparadas independentemente do número de prazas existentes; a partir de aí, debería ser a fase de

Concurso a que finalmente resolvese a diferenza entre aspirantes e prazas. Na medida en que esta convocatoria - tendo aspectos bos - non afonda nestas cuestións, a igualdade de oportunidades vese diminuída. Esta circunstancia podía ser facilmente corrixida na medida en que se precisasen máis e mellor este tipo de cuestións.

- Ademais da necesidade dun aumento real de postos docentes, é tamén necesario que de xeito complementario se produza un aumento das vacantes no CXT para que non haxa de novo especialidades que estean 10 anos en expectativa de destino.

- O número de prazas e de especialidades que se contemplan para EOLs e CMUS parécenos ridículo. É precisa unha oferta real de emprego neses corpos en que hai unha enorme inestabilidade para o seu profesorado.

- A sorpresa agradábel foi a convocatoria de prazas de portugués na ESO. Xa na xuntanza que mantivemos coa Conselleira o pasado novembro adiantámoslle esta reivindicación que defende o STEG dende hai anos, pero lamentamos que o número de prazas sexa tan reducido. Confiemos en que esta medida sexa só un primeiro paso para unha implementación real e progresiva da Lei Paz Andrade.

- Por último, gustaríanos lembrar unha serie de medidas que o STEG vén reclamando unha convocatoria tras outra e que aumentarían a transparencia e a obxectividade no proceso de oposicións, como son que as presidenciais dos tribunais se decidan por sorteo, que a baremación de méritos lle corresponda a unha comisión única e non a cada tribunal e que formen parte de todos os tribunais sempre as inspeccións educativas.

Dende o STEG reclamámoslle á Consellería que teña en conta todas estas reivindicacións para futuras convocatorias, co obxecto de que as OEPs sexan transparentes, respondan ás necesidades reais de aumentar o número de postos docentes, e garantan que non haberá docentes do ensino público que perdan o seu posto de traballo.

inspira, escola do rural

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG



A escola rural de Galiza está a vivir un paradoxo na súa mirada cara o futuro.

Dunha banda danse unhas condicións de docencia in mellorábeis, unha oportunidade de privilexio para a escolarización das crianzas; pero, á súa vez, está abandonada pola Administración e castigada pola situación do rural en xeral.

Como é natural a Escola non é allea ao problema económico e poboacional que está ocorrendo nas nosas aldeas e vilas. A falta de medidas de impulso do rural, a ineficaz xestión do solo ou a falta de políticas axeitadas para o mesmo, entre outros condicionantes, están levando ao abandono do eido rural polo urbano, ou mesmo pola emigración ao estranxeiro, nun contexto crítico onde a clase traballadora padeceu un grave deterioro das súas condicións de vida - no económico e no social, e non só- nos últimos anos, situación que aínda non se reverteu a día de hoxe.

Non cómpre afastarse moito de calquera cidade galega para darse conta da actual situación do rural neste momento. Aldeas abandonadas, terras sen traballar que levan á proliferación dos incendios no verán, e que coas novas condicións climáticas xa se producen en calquera época do ano, do xeito que vimos nas últimas datas.

Non hai traballo, o banco de terras é unha utopía, a xestión dos bosques e das leiras dista moito de ser a axeitada. Trabállase e contrátase para apagar lumes, plantando eucaliptos e piñeiros, en detrimento dunha xestión sostíbel ecoloxicamente, onde se contrate as persoas todo o ano, para a prevención e saneamento dos montes.

Deste xeito, a gandería e a agricultura vólvense insostíbeis neste territorio en que as fincas son minifundios e a súa xestión atende tamén a outras peculiaridades socioculturais (herdanzas, repartos...)

E neste panorama, cunha despoboación constante, encóntrase a Escola do Rural. O abandono por parte da Administración está a agravar máis esta situación, sometendo a escola a unhas condicións nas que non estando pechada, parece como se o estivese, deixándoa á deriva, sen facer nada do que precisa para atoparse nunhas condicións dignas. A espiral de perda de poboación e peche de unidades que se repite unha e outra vez é un perigoso círculo vicioso que en nada contribúe a mudar a situación.

Por todo isto, pedimoslle a Consellería de Educación que dote de medios económicos, persoais, de instalacións e materiais abondo como para que non condicionen o horario escolar das crianzas, contén cunha partida orzamentaria acorde, teñan espazos axeitados ás súas necesidades... e un sen fin de etcéteras.

Nesta liña, tamén reclamamos que o persoal que traballa nestes centros, máis concretamente nas escolas de menos de tres unidades, teña a mesma consideración cás demais traballadoras e traballadores doutros centros, como por exemplo coma as direccións dos centros de tres unidades e máis; pois neste momento non puntúan para o concurso de traslados, recaendo os labores de directora, xefa de estudos e secretaria na mesma persoa, non puntuando tampouco nin dispoñendo dunha redución horaria que puidese facilitar esta acumulación de funcións e tarefas.

Non se pode castigar tampouco a rapazada que asiste aos CPIs e aos IES do rural, e débese ofertar a mesma optatividade que nos centros de secundaria dos núcleos urbanos. A inexistencia nestes centros de servizos complementarios, de actividades extraescolares, imposibilita tamén unha axeitada conciliación da vida familiar e laboral.



fotografía: La Opinión



aulas libres

7

sentenza sobre interceptación ilegal de datos informáticos e revelación de segredos no IES García Barros, de A Estrada

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

O peche unilateral de escolas sen ter en conta a matrícula de cursos futuros pon en grave risco a continuidade do modelo de escola que o rural precisa para evitar a súa extinción.

Os centros con denominación de CEIP, aínda que sexan escolas unitarias na práctica, non teñen a consideración de centros de difícil desempeño - polo menos non todos- cousa que si sucede no caso das EEs, o que supón un agravio comparativo para o CXT.

E por se fose pouco, a Consellería prioriza no deseño das rutas de transporte as escolas con máis alumnado, discriminando a atención axeitada ás escolas máis pequenas.

A pesar de todas estas dificultades, a Escola do rural goza dunha reputación excepcional; ratios máis baixas, co cal a atención individualizada está asegurada; e isto tradúcese na mellora da calidade de vida das mestras e mestres e fomenta o desenvolvemento das crianzas en toda a súa potencialidade.

Que acontecerá coa escola do rural? O tempo dirá pero dende o STEG imos loitar para que non se continúe coa actual deriva.

Hai case dous anos, a finais do curso 2016-2017, a prensa fíxose eco do caso acontecido no IES García Barros de A Estrada, onde alumnado deste centro fora quen de acceder ás contas de correo corporativo dunha parte do profesorado. O STEG daquela tivera coñecemento do xeito en que o alumnado cometera esta vulneración da privacidade e, para a nosa sorpresa, resultou que non era preciso ter grandes coñecementos de informática por parte do alumnado, e que podería estar sucedendo en todos os centros educativos en que o alumnado tivese acceso a un equipo informático de uso compartido co profesorado. Pero a nosa sorpresa foi aínda maior cando, tras pasar semanas dende que a Consellería coñeceu os feitos, non realizou comunicación ningunha ao resto dos centros educativos onde podería estar sucedendo exactamente o mesmo.

Por aquel entón, o STEG apoiara o profesorado do centro, facéndose eco do comunicado do seu claustro - onde se denunciaba que se violara a súa privacidade, ao tempo que se esixía que os servizos xurídicos da Consellería se volcasen na protección dos dereitos das traballadoras e traballadores do ensino -. Igualmente, lamentouse daquela o tratamento sensacionalista e pouco rigoroso dalgún sector da prensa, que só daba informacións de parte, así como a non comparecencia dos responsábeis políticos.

Na mesma liña, o STEG contribuíu como mellor puido poñéndose en contacto con persoal experto en informática e transmitíndolle aos centros educativos as medidas de seguridade precisas para comprobar e, no seu caso, eliminar a posibilidade de que esta mesma situación se dese noutros centros educativos.

Posteriormente, os nosos servizos xurídicos asesoraron legalmente as nosas afiliadas así como un importante número de profesorado afectado pola situación (case medio centenar). Case dous anos despois, o proceso xudicial chegou á súa fin, coa condena do alumnado responsábel dos delitos de interceptación ilegal de datos informáticos e descubrimento e revelación de segredos.

O STEG, respectando as decisións xudiciais, sempre foi máis partidario, en todo caso, de facer pedagogía que de sancións. Ao mesmo tempo considera que o importante é que quedou clara a absoluta dilixencia do profesorado do centro, o que contribuirá sen dúbida a recuperar a normalidade no seu funcionamento e garantirá o restablecemento do clima de confianza, diálogo, respecto e tolerancia de todos os axentes da comunidade educativa que se viu afectada.

campana a prol do ensino de portugués

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG



Sabías que:

O portugués é a 5ª lingua máis falada no mundo, oficial en 9 países, nos 5 continentes e nas comunidades lusófonas emigradas, con máis de 250 millóns de falantes?

O galego e o portugués naceron xuntos e no mesmo lugar, no reino de Galiza? O pobo galego somos o máis capacitado de toda Europa para alcanzarmos un maior progreso neste idioma en menos tempo de aprendizaxe.

A facilidade e rapidez con que unha persoa na Galiza aprende portugués é un estímulo para o estudo? Con esforzo e tempo menores dos empregados noutras linguas, conseguimos coñecementos suficientes para nos comunicar e para obter certificados oficiais.

O teu alumnado pode escoller portugués nas probas ABAU (*Resolución do 11 de febreiro de 2019*) como Segunda Lingua Estranxeira II distinta da que cursasen como materia xeral do bloque de materias troncais?

Actualmente, o portugués é ofertado en 60 do 341 centros públicos da Galiza?

Desde o STEG solicitamos en colaboración coa Associação de Docentes de Portugueses na Galiza:

A implementación real do ensino de portugués en todos os niveis educativos e a creación de seccións bilingües dada a nosa facilidade para aprender este idioma.

A creación de prazas específicas para o profesorado de portugués en todos os niveis educativos e nas EOI.

Formación para aquel profesorado que manifeste a intención de implementar o idioma no seu centro educativo e teña a titulación esixida.

A esixencia de que o profesorado substituto cumpra os mínimos de coñecemento do idioma á hora de substituír tanto nas EOI como no ensino obrigatorio ou non obrigatorio.

A erradicación das empresas privadas na certificación de nivel de linguas, programas Piale, actividades extraescolares, etc.; para iso temos un profesorado perfectamente cualificado nas nosas EOI.

A formación desde as EOI para a preparación das probas de nivel.

A implementación da Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz Andrade, a través de decretos e ordes que garantan a súa materialización, que non quede só en papel e o seu correspondente seguimento anual.

Que na oferta e cobertura de prazas docentes, tanto no Concurso Xeral de Traslados como no CAPD, apareza o perfil de portugués.

Animámosvos:

A que implementedes o ensino do portugués en todos os niveis educativos.

A que cursedes este idioma na EOI como mínimo ata acadar o nivel B2; ademais da experiencia gratificante obteredes 0,5 puntos na fase de concurso nas oposicións e 2 puntos no concurso xeral de traslados.

A mellorar o noso galego coa axuda do portugués, pois este axúdanos a recuperar léxico patrimonial e estruturas pouco empregadas ou substituídas por castelanismos.

cara ao IX congreso do steg

Lugo, 15 e 16 de novembro de 2019

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG

O Secretariado Nacional celebrado o 15 de decembro de 2018, segundo o previsto no artigo 5.3.3. dos Estatutos vixentes, decidiu convocar o IX Congreso do STEG e puxo en marcha as oportunas catro comisións redactoras dos relatorios (Asemblea de Mulleres, Política Educativa, Acción Sindical e Organización e Estatutos), ás que pode sumarse calquera persoa afiliada que expresamente o solicite no correo electrónico **congreso@steg.gal** ou por vía telefónica chamando a calquera das sedes do STEG antes do luns 8 de abril.

O IX Congreso do STEG celebrarase en Lugo os días 15 e 16 de novembro de 2019.

O 10 de maio de 2019 os relatorios deberán estar listos para a súa impresión e posterior envío á afiliación, que deberá recibilos antes do 14 de xuño. Calquera afiliado/a poderá presentar emendas aos relatorios e defendelas persoalmente no Pleno. As emendas aos relatorios remitiranse en soporte informático ao correo **congreso@steg.gal** antes do 20 de setembro de 2019, con indicación do relatorio, apartado, páxina, parágrafo e liña(s) que son obxecto de emenda, aclaración sobre o tipo de emenda que se postula (de corrección, de supresión, de engadido, de substitución...) e identificación con nome e apelidos da persoa ou persoas emendantes. As persoas encargadas da redacción dos relatorios terán ata as 14 horas do día 11 de outubro de 2019 para indicar que emendas foron aceptadas e cales non e propor, se fose o caso, as transaccionais que consideren oportunas. Na semana previa ao Congreso vía e-mail ou no propio Congreso impresas entregaranse á afiliación todas as emendas con estas especificacións.

Poderán asistir ao Congreso **con voz e voto** todas as persoas que estean afiliadas ao STEG a data do 30 de xuño de 2019. Teñen tamén dereito a asistir ao Congreso, **con voz pero sen voto**, todas as afiliadas e afiliados do STEG que teñan data de alta no sindicato posterior ao 30 de xuño de 2019. Por razóns loxísticas, a organización só garantirá pernocta e refeccións con cargo ao orzamento congresual de STEG para todas aquelas persoas afiliadas que se inscriban para participar na xuntanza con anterioridade á data do 7 de novembro de 2019. As afiliados/as que non se inscriban no citado prazo, conservarán, non obstante, o seu pleno dereito a participar con voz e voto no Congreso.

O IX Congreso do STEG funcionará en Pleno constituído polas persoas afiliadas que asistan ás súas sesións. Será misión da Mesa do Congreso verificar antes de calquera votación o quórum existente. As decisións do Congreso tomaranse en Pleno por maioría simple, sempre que non sexan maioría as abstencións. Nese caso volverase debater o punto en cuestión e na segunda votación a decisión adoptárase por maioría simple de SI ou NON, con independencia do número de abstencións. Non obstante, as propostas de resolución requirirán para a súa aprobación, conforme ao artigo 5.3.5. dos Estatutos vixentes, unha maioría de 2/3.

Ao inicio da xuntanza do Pleno, a Mesa do Congreso dará a coñecer á afiliación asistente a orde do día e informará das emendas que se van debater e decidir. A Mesa tamén indicará a distribución do tempo, concretando a duración máxima das intervencións. As persoas encargadas de defender os relatorios poderán facer aclaracións sobre o relatorio e/ou as emendas, se o consideran oportuno, antes de comezar o debate particularizado das emendas. O debate das emendas realizarase co seguinte procedemento: 1. Intervención da persoa que defende a emenda. 2. Explicación da relatora ou relator. 3. Quenda de intervencións pechada para congresistas (con ou sen dereito a voto), incluída a persoa que defende a emenda. 4. Quenda da persoa relatora. A Mesa do Congreso decidirá se é necesario ou non abrir outra quenda pechada de intervencións, sendo sempre a última palabra nesa quenda a da persoa relatora. 5. Votación da emenda.

Se hai unha emenda á totalidade do relatorio, esta votarase en primeiro lugar. Se a persoa que defende o relatorio aceptase unha emenda, calquera congresista poderá defender o texto orixinal. Neste caso o texto orixinal debaterase como se fose unha emenda. Unha vez decidida a incorporación de emendas ao documento do Congreso, procederase á súa votación en conxunto.

As candidaturas para cada unha das cinco secretarías da Comisión Permanente do Secretariado Nacional (Confederación, Organización, Formación e Comunicación, Finanzas e Acción Sindical) serán presentadas diante da Mesa do Congreso antes das 11 horas do día 24 de outubro de 2019. A Mesa informará ao Pleno do Congreso da composición da(s) candidatura(s) presentada(s) antes da súa escolla mediante votación por parte da afiliación asistente.

Deberán ser ratificadas en Congreso mediante votación, ademais, tanto a proposta para secretaria da Muller que presente a Asemblea de Mulleres como as respectivas propostas de representación provincial na Comisión Permanente que emanen de cada unha das zonas existentes, que coinciden na actualidade coas catro asembleas provinciais.

Tanto a composición do Secretariado Nacional, como a da Comisión Permanente do Secretariado Nacional, como a da Comisión de Garantías, deberán adaptarse aos principios sobre igualdade de xénero do STEG, garantindo un mínimo do 50% para o xénero feminino. De ser o caso, aplicaranse sobre o resultado das votacións os correspondentes mecanismos correctores que garantan o cumprimento deste principio.

A Mesa poderá outorgar a palabra a unha persoa da(s) candidatura(s) presentada(s), proposta(s) por esta(s), para unha intervención explicativa antes de verificarse a votación. De haber unha única candidatura para cada unha das secretarías da Comisión Permanente do SN, a votación poderá facerse a man alzada, se non hai ninguén que solicite votación secreta. De haber dúas ou máis candidaturas para cada secretaría, a votación será necesariamente secreta.

De haber dúas ou máis candidaturas para cada unha das secretarías da Comisión Permanente do Secretariado Nacional, resultará finalmente electa a que obteña en cada caso maior número de votos.

As candidaturas individuais para a Comisión de Garantías do STEG serán presentadas diante da Mesa do Congreso antes das 11 horas do día 24 de outubro de 2019. A Mesa informará ao Pleno das candidaturas presentadas antes da súa escolla mediante votación en listas abertas por parte de todas as persoas delegadas do Congreso. Serán proclamadas electas para esta Comisión, en principio, as cinco persoas candidatas que obteñan maior nº de votos no escrutinio, ficando as demais, na mesma orde que determinen os votos obtidos, en calidade de suplentes. Non obstante, efectuarase corrección de xénero sobre o resultado cando non estea garantida de seu a proporcionalidade dun mínimo de 50% para o xénero feminino na composición da nova Comisión de Garantías.

Por último, a Orde de traballos do IX Congreso de STEG será a seguinte: 1. Acreditación de afiliados/as. Entrega de credenciais. 2. Apertura do Congreso e presentación da proposta de Mesa do Congreso por parte da Comisión Permanente do Secretariado Nacional saínte. 3. Constitución da Mesa do Congreso. 4. Debate e aprobación, se procede, do Regulamento do Congreso. 5. Informe do Secretariado Nacional saínte e debate sobre o mesmo. 6. Debate das emendas aos relatorios e votación final sobre os mesmos: a) Organización e Estatutos, b) Acción Sindical; c) Política educativa; d) Asemblea de mulleres. 7. Votación do novo Secretariado Nacional. 8. Votación para as secretarías da Comisión Permanente. 9. Votación para a ratificación da proposta da Asemblea de Mulleres para a secretaría da Muller. 10. Votación para a ratificación da proposta de representantes zonais. 11. Votación para a ratificación, no seu conxunto, do novo Secretariado Nacional. 12. Elección da Comisión de Garantías. 13. Debate sobre as propostas de resolución presentadas. 14. Intervencións das Organizacións convidadas e 15. Clausura do IX Congreso do STEG.

todas iguais pertencendo a minorías

Verónica Martínez

«As pessoas são tão diferentes. Precio muito que o sejam. Ser tudo igual é característica de azulejo na parede e, mesmo assim, há quem misture. [...] Estou cada vez mais certa que o paraíso são os outros».

Valter Hugo Mãe

O antropólogo Marc Augé, na súa teoría dos *non-lugares*, define os mesmos como eses espazos de paso, sen identidade, sen valor histórico ou intrapersoal, non relacionais, onde non hai opción ao diálogo nin á ollada. En troques, os lugares son espazos para o encontro, para o cruce, para a relación, para a complicidade na linguaxe, para a comunidade; espazos practicados onde saber vivir, que describen a paisaxe da existencia cotiá, sucado por actrices e transitados pola palabra.

Na sociedade líquida¹ na que estamos inmersas, apropiándome do termo de Zygmunt Bauman, mantemos demasiadas relacións interpersoais fráxiles e de consistencia precaria ou efémera.

No contexto dunha sociedade capitalista, as mulleres somos tratadas como mercadorías, consumidas ou desbotadas en calquera momento, cando deixamos de ser «útiles»; relegándonos a un non-lugar social e incluso físico.

As mulleres deberíamos ser libres para vivir segundo as nosas preferencias ou prioridades. Todas temos dereito a unha vida digna. Esta, pode acotío verse condicionada por limitacións ou impedimentos de diversa natureza. Isto non debe ser óbice para que gocemos da oportunidade de construír un marco vital

¹ Na sociedade pos-moderna, onde todo é temporal e pasaxeiro, incapaz de manter a forma, como os líquidos, (de aí provén a denominación metafórica); as nosas institucións, referentes, estilos de vida, crenzas e conviccións mudan antes de que se solidifiquen en costumes, hábitos e verdades auto-evidentes.



satisfactorio e de dotar á nosa existencia do recoñecemento como parte activa e de pleno dereito dentro da colectividade. Privar a unha muller deste lugar é destruílo, asasinalo, aínda que sexa por negligencia.

Non aceptamos a diversidade na totalidade das súas manifestacións. Continuamos a excluír, porque así o aprendemos no noso contexto socio-económico; á outra dende a identidade canónica imposta polas presións ou as preferencias sociais. A outra é a estranxeira, a nai solteira ou a que non quere ser nai, a lesbiana, a transexual, as mulleres desempregadas, as mulleres en situación de maltrato machista, as refuxiadas, as mulleres con enfermidades, con diversidade funcional ou mesmo as divorciadas.

A alteridade (o noso eu en relación co lugar que ocupamos entre as outras, e o lugar que as outras ocupan en nós) lévanos moitas veces á non aceptación, á non inclusión, ao rexeitamento e á exclusión social.

A exclusión social que máis me preocupa e me ocupa na actualidade, por acharse normalizada e considerarse tolerable, é a exercida sobre as mulleres, as mulleres en todas as súas dimensións, as maiores, as nosas nenas, as mulleres con diversidade,... A súa sociedade é paralela.

As maiores son rexeitadas e as súas cuestións e necesidades semellan ser para-humanas. Levámolas a crer que non merecen a mesma consideración que unha muller nova, traballadora activa e con saúde. Comezan a perder dereitos no intre no que as desvalorizamos, que as diminuímos social e individualmente, como elementos improdutivos. Moitas aceptan tacitamente que son prescindíbeis. Soas e esquecidas, agardan, en silencio, á morte.

Unha sociedade que presupón a ás maiores unha carga, implica de seu un acto de violencia e dificilmente conseguirá ser unha sociedade madura. O Estado que continúe a xustificar que se pode sobrevivir

cunha pensión de 443 euros ao mes, está a exercer maltrato institucional sobre estas mulleres. Crea fundamentos e é corresponsábel de todos os nosos prexuízos. Non pode falar de ética, nin de coidados, nin de políticas en Servizos Sociais, nin de estado de benestar ou de atención á dependencia. E son, sen dúbida, este tipo de decisións e outras as que fomentan e perpetúan os non lugares.

As nenas están sometidas ao mesmo silencio e á mesma violencia, cando non a outras violencias peores, que as nosas maiores. Non hai lugares nin físicos, nin temporais, nin emocionais que se adapten ás súas necesidades. Corren ao ritmo das adultas, por cidades, por escolas e múltiples espazos inabanguíbeis, sen refuxio, espazos dunha escala que os desborda, construídos e adaptados á sociedade produtiva.

A condición de refuxiada, desde a *Convención de Xenebra de 1951*, tense se es perseguida por raza, nacionalidade, relixión, motivos políticos e pertenza a determinado grupo social. Pero tivemos que agardar ata o 2008 a que ACNUR publicase directrices de protección específicas, sobre como transversalizar o xénero en políticas de asilo: mulleres que se enfrontan a tratos crueis ou inhumanos, por transgredir costumes da sociedade en que viven, para ser recoñecidas como refuxiadas por pertencer a un determinado grupo social. Na *Lei orgánica de 3/2007, pola igualdade efectiva de mulleres e homes* recoñeceuse a condición de refuxiadas ás mulleres estranxeiras que fuxan dos seus países de orixe debido a un temor fundado de sufrir persecución por motivos de xénero. Con todo, da cuota que nos comprometemos a recibir de 17.387 refuxiadas, só se acolleron a 1.212, deixando 16.175 á súa propia sorte, padecendo así dobre exclusión.

Malia que desde moitos ámbitos da sociedade loitamos para erradicar as desigualdades existentes entre homes e mulleres, e que as políticas actuais comezan a promover accións que pretenden eliminar a discriminación por razón de xénero, os devanditos avances non se repartiron por igual entre todas as mulleres, padecendo moitas delas dobre discriminación. Por exemplo, as mulleres con diversidade forman un grupo social illado, invisible e invisibilizado, que se enfronta a todo tipo de restricións e limitacións, ademais de a riscos maiores, sometidas á diferenza pola súa diversidade ademais de por ser muller. Viven rodeadas de estereotipos e prexuízos

que minguan a súa capacidade de participar, de decidir e de contribuír á sociedade na que vivimos, relegadas totalmente aos *non-lugares*.

A sociedade destas mulleres é paralela porque está fóra das grandes decisións, incluso das que lles afectan de modo directo. Son un *non lugar*, un non asunto; non hai tempo nin espazo para elas. O canon, o patrón a respecto son os/as mulleres novas e normalizadas.

Ridiculizamos ás maiores tratándoas como mulleres non conscientes xa, sen lucidez ou entendemento, «como nenas» e ás crianzas como mulleres non autónomas e sen poder de decisión, nin apenas de opinión, vulnerando os seus dereitos de verdadeiras cidadás que son.

Moitas loitamos para que todas reflexionemos e encontremos as ideas² e as accións necesarias para deixarmos de estar demasiado ocupadas para o afecto, para a atención, para os coidados, para darlle un lugar á outra.

É un deber e un dereito que todas saibamos tirar partido á diferenza, permitir ás mulleres pensar e ser de seu. Por que nos colocamos nun plano superior dende onde poder excluír ou mesmo xulgar? Se nos parásemos a pensar, caeríamos na conta de que todas temos varias diversidades tamén, só que nalgúñas de nós, son invisíbeis. Temos que permitírnos ser na nosa diferenza.

Ocupar un espazo é diferente a ter un lugar. Ocupar un espazo é sinalar unhas coordenadas físico-temporais sinxelamente, pero ter un lugar supón indicar unhas coordenadas socio-afectivas no mapa da alteridade. Coloquemos á outra nun lugar, o lugar que merecen. Cambiémoslas de posición, localicémoslas no mapa da diferenza.

² Tampouco teríamos que buscar moito. Existen xa múltiples proxectos que dan solución aos problemas que achego e só habería que implementalos. Por exemplo *A cidade das nenas* de Tonucci propón o papel activo e protagonista dos nenos e das nenas nas cidades, converténdoo nun lugar para eles/as.

presentación calendario de mulleres steg 2019

Asemblea de Mulleres do STEG

Por fin, despois de moito preparar, chegou o día. O café cultural Auriense ferve. Sistema de son preparado, comezamos a colar os primeiros cartaces na mesa, cando chegan algunhas das protagonistas da xornada.

Karina Pérez, unha publicista diferente, deseñadora de web e gráfica, pero sobre todo montañeira incansable, e escaladora que gatuña como se de unha salamántiga se tratase. Acompaña a **Laura López**, psicóloga, sexóloga e mediadora que se caracteriza por ser aventureira e exploradora; inqueda e con ganas de superarse.

Pía Outeiriño, Carmen Anllo e Marta Pérez camiñan ao redor nerviosas porque non se ven as outras convidadas e protagonistas da velada. E se non veñen, a quen presentarán?

Ao fondo albíscase un grupo de xente, é o batallón de mulleres de Lugo que veñen acompañando a **Sabela Núñez Singala**. Fóra da casa, traballa como profesora de Matemáticas no instituto da Pontenova, na Mariña Lucense. Dentro, traballa nos labores domésticos e na crianza das catro fillas e fillos que ten. Pero en realidade é unha muller brava que lida con todas as circunstancias da vida para sacarlle proveito, e axudar aos demais.

Falta unha última, que culminará a noite cun monólogo de voces femininas, **Soledad Felloza**.

Así se presenta ela mesma, como se de poesía se tratase.

Mentres cociñamos a lume manso, contamos historias. Dende esta premisa Sole Felloza percorre o país, escoitando as mulleres. As voces desas mulleres soben ao escenario para contar de tempos sen tempo.

Así falan as señoras Lola, Juana, Emérita, Palmira, Otilia, Erundina e tantas outras ao carón da lareira, ao redor da cociña de ferro. Nese altar da memoria que empeza nas súas mans e medra nos seus ollos.

Mulleres que sacaron adiante os fillos cando o home marchaba ao mare ou á emigración.

Que abren a súa casa a esta uruguia que abre moito as orellas para aprender ben da fermosa lingua na que constrúen o mundo.



Esta uruguaia á que sempre preguntan: e ti por que falas galego?

E ela sempre responde: – e por que non?

Cando entrou pola porta deste pequeno café cultural, referente de moitos actos da nosa cidade, xa tiña o saber noso nas súas costas.

Así comezou a noite da presentación do calendario coeducativo de *Tempo de mulleres, Mulleres no tempo*, este ano dedicado a mulleres exploradoras e aventureiras.

Foi un día que todas gardaremos na nosa lembranza, xa que descubrimos mulleres nas que todas nos queremos ver reflectidas, dun ou doutro xeito, pola valentía, pola solidariedade, pola capacidade de escoita, por tantas e tantas cousas.

O STEG é un sindicato moi preocupado pola **coeducación** e a **equidade** entre sexos, declárase abertamente **feminista**. O calendario da muller é un proxecto da Organización de Mulleres da Confederación Intersindical, da que a Asemblea de Mulleres do STEG forma parte. Está editado en catro linguas, ademais do galego: castelán, catalán, valenciano e asturiano. Faise unha tiraxe estatal de 35.000 exemplares, dos cales 3.000 son en galego.

O STEG é un sindicato de ensino no que cremos que a educación é o único xeito de mudar as cousas e como tal axudamos ao profesorado confeccionando actividades coeducativas, traballando diferentes temas para lograr unha igualdade real entre os

sexos. Levamos catorce anos publicándoo e dende hai oito anos introdúcense efemérides feministas. Moitas delas son galegas. Ten o obxectivo de buscar referentes femininos nos que nos recoñezamos.

Cada mes céntrase en tres mulleres e o calendario xira anualmente arredor dunha temática. En anos inmediatamente anteriores, estivo adicado a mulleres do deporte e a creadoras de opinión, e neste 2019 céntrase en mulleres aventureiras e exploradoras, mulleres que foron e son quen de romper o muro do rol asignado.

Cada mes trabállanse actividades relacionadas coas experiencias e o pensamento destas mulleres; son propostas para o alumnado divididas por franxas de idade e que nos permiten afondar na normalización da igualdade real entre mulleres e homes, atendendo ás súas diferenzas.

Este ano temos catro representantes galegas no calendario: María Dolores Fernández Posse, María Xesús Lago Rey, Isabel Barreto e Exeria.

Mais estas heroínas non son as únicas, senón que cada día é maior o número de mulleres valorosas que rompen coas condicións impostas e van sucar o mundo na procura de adrenalina, sorpresa e apertura.

E aquí na cidade de Ourense encóntranse Karina Pérez e Laura López, dúas representantes do Clube Alpino Ourenseño. Elas faláronnos de compartir, rir, amizade, sorpresa, dunhas mulleres que lideran un grupo de exploración de montaña, achegándose aos confíns da terra cando xa case se poden tocar as estrelas, onde o

silencio enche todo da súa maxia. Compartiron tamén aventuras en solitario, onde o mapa e o GPS deseñan a túa rota, e onde estas mulleres non atoparon os seus límites.

Para proseguir, Sabela Núñez Singala transportounos a Tinduf, aos campamentos Saharauís. Rodeada de mística esta muller fala detrás dun traxe de fada dos bosques, sobre un libro marabilloso que escribiu, *Contos en potencia*, co que vai encher de libros unha biblioteca do Sahara, en Dajla. Fala baixo, con normalidade, lenta e firme amosounos o porqué do proxecto “Lucas de cores”, a súa viaxe extramuros e o seu sentir que o vivimos todas.

Para explicárnolo, trasladounos alí, con vídeos do día a día; sentimos a ledicia nas súas caras, a maxestuosidade do deserto, a vitalidade desas, na súa meirande parte, mulleres.

E tocoulle a quenda a Soledad Felloza, unha uruguaia, sabedora da cultura galega que moitas galegas precisamos aprehender. Fíxonos rir, chorar, mirarnos, agocharnos, pero sobre todo gozar coma poucas veces de mortos e mortas, do/a xinecólogo/a, e interiorizar a cultura galega e a inexistencia de representantes mulleres nos eventos culturais.

Unha noite, unha experiencia, un saber, unha grandísima oportunidade. Grazas mulleres, sodes grandes.



a folga do 8M

Asemblea de Mulleres do STEG



O día 22 de decembro do 2018, ás dez horas, en Cambre, púñase en marcha a primeira xuntanza de "Galegas 8M". Máis de 50 organizacións e colectivos integran este movemento feminino que revive cada ano para organizar a xornada do 8M e a manifestación nacional.

Alí estábamos a Asemblea de Mulleres do STEG poñendo o noso traballo e ganas para que as mulleres encabezásemos unha xornada onde puidésemos berrar polos nosos dereitos negados.

Despois deste, viñeron moitos máis encontros, onde unhas cen mulleres de moitas partes desta nosa terra achegaron a súa forza, para artellar unha folga de consumo, de coidados, estudantil e laboral por todas as mulleres que integran o mundo.

Foi pasando o tempo e as ganas cada día medraron debido a certas sentenzas xudiciais que nos ían acompañando e aumentaron a forza da nosa decisión.

E chegou o 3 de marzo, día da manifestación nacional por Lugo. A batucada resoaba facendo tremer o chan, milleiros de mulleres camiñaban cun obxectivo común, outro mundo é posíbel para nós, para as nosas fillas. Até que ao chegar á zona da muralla onde colgaban faixas verticais, xurdiu un profundo sentir de unión e de forza.

E non choveu, cando anunciaban treboada; saíu o sol, que nos anunciou un 8M diferente.

Levantámonos o 8 de marzo, como mulleres que eramos, e vestímonos coa indumentaria do día, camiseta lila, mandil lila con lema, perruca lila, lazo lila, maquillaxe con simboloxía e bote de pintura a modo de tambor.

Sáimos á rúa cunha certeza, este ía ser un día enorme, e foino. Tan enorme que á hora de avaliar a folga dende a Asemblea de Mulleres abundan dúas palabras: Éxito Total. Os berros oíanse por todo o país, miles ou máis cubriron o chan dos centos de puntos de concentración cunha manta de corpos de mulleres, asemellaba un río de afervoadada forza de cambio.

Milleiros de mulleres galegas participaron o 8 de marzo na folga convocada polos diferentes movementos feministas. Unha folga que se fixo notar nos centros de traballo, e, sobre todo, nas rúas, con manifestacións e concentracións multitudinarias en todas as cidades e vilas galegas.

Na provincia de Lugo cabe destacar que o seguimento da folga foi desigual, sendo maioritario nas cidades e vilas grandes, pero con escaso seguimento nas zonas do rural, onde é, se cabe, máis necesaria a conciencia feminista. Este feito serve para darnos unha idea clara sobre os pasos a seguir de agora en diante para propoñer novos obxectivos e demandas sobre a mesa.

Na provincia de Ourense o escaso seguimento da folga, polas novas que nos ían chegando, non se traduciu na rúa. Ó mediodía, a concentración foi multitudinaria, ao igual que a manifestación da noite, a música interna era parecida, o sentir era inmenso. Pero dende o movemento feminista e dende a Asemblea de Mulleres do STEG de Ourense non queremos que quede aquí. Xa se están poñendo en marcha varias iniciativas para que o cambio necesario desta sociedade se materialice nas nosas vidas.

Nas provincias de Pontevedra e A Coruña atronaron cánticos que anunciaban o que ía ocorrer, xa non hai volta atrás, todas a unha sen fisuras, xuntas voando cara unha nova vida.

Por outra banda, cabe destacar que os actos que se levaron a cabo durante toda a xornada do 8M son froito da loita e esforzo de todas as que traballan a prol do feminismo durante moitos meses. En cada recuncho e cada casa de cada vila e aldea de Galicia sabían do como, o cando e, sobre todo, o por que da folga feminista. Esta unión foi o que logo se viu nas rúas. O feminismo é a batalla de todas!

Polo tanto, a verdadeira vitoria desta folga foi a unión, a vontade de todas as mulleres de sermos unha, de defender ás que non teñen voz, de ser libres, de sentímonos vivas e combativas para derrubar dunha vez por todas o machismo e o patriarcado.

motivo de celebración: a xxxv asemblea xeral de nova escola galega

Sonia Fernández Casal

Co nome de NOVA ESCOLA GALEGA nacia o 11 de Xuño de 1983, en Santiago de Compostela, un movemento asociativo de base, coa finalidade xeral de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galiza.

Formada desde as súas orixes por ensinantes galegos de todos os niveis educativos, contribuíu desde a acción e a reflexión á construción do noso sistema educativo, pulando por dotármonos dunha escola galega, pública e democrática.

Nesta época de crise do asociacionismo - entre tantas outras crises-, de transición cara algo novo que non acaba de nacer - nin hai garantías de que mellore o anterior -, a celebración este 9 de marzo de 2019 da XXXV Asemblea Xeral da asociación ben merece ser motivo de satisfacción e celebración.

Na Asemblea procedeuse á aprobación das memorias de actividades e económica, así como á renovación do seu Secretariado Nacional, co relevo na presidencia de Mariló Candedo Gunturiz por Xosé Lastra Muruais. Na segunda parte, dedicada ao Faladoiro, debateuse sobre “Escola pública e cidadanía democrática”, reflexionando, entre outras cuestións, sobre aquelas fendas polas que se vai introducindo a privatización da escola pública. Así mesmo, a asemblea deu aprobación a sendas resolucións sobre coeducación e a situación do galego no ensino, con análises e propostas compartidas plenamente polo STEG. Velaquí as están:



aulas libres
15

resolución sobre a lingua

Nova Escola Galega veu manifestando teimosamente, xa dende as súas orixes e dos seus antecedentes, a imperiosa necesidade de normalizar a nosa lingua e de impregnar da nosa cultura a educación, como un dos eixos fundamentais para levar este milenario país e a súa xente ao lugar que lles corresponde como pobo no mundo. Xa dende a transición, coa Constitución e o Estatuto de Autonomía, xunto co labor político dos diferentes gobernos galegos tocante ás leis e outras normas que foron introducindo o galego no ensino, non puidemos albiscar que ese viero fose chegar a onde debería. O que semellaba un camiño lento pero con obxectivos acabou virando nun retroceso que nos está levando a unha situación que pensabamos xa superada, de minoración da lingua e da cultura propias, de avance de usos diglósicos, de diminución alarmante de falantes e dunha certa alienación a prol de formas e usos alleos que lembra tempos pasados que coidamos que non volverían. O certo é que asistimos hoxe, case trinta e seis anos máis tarde, a unha derruba programada das febles estadas que pretendían empezar a alicerzar ese edificio de futuro. Máis aínda de termos en conta as moursas manifestacións realizadas por algúns dos partidos políticos que acoden ás próximas eleccións, sobre unha suposta imposición, unha ameaza e un perigo para a *lengua de linguas*, o castelán, que seica está a piques de desaparecer en Galicia. Dá risa escoitar estes “argumentos”, se non fose porque o conto é triste. Así que anuncian unha Lei de Linguas Oficiais para España que poña “orde” e faga prevalecer “la lengua del imperio”. E, mentres e non, podemos observar como nenas e nenos criados en galego van sendo absorbidos por un contexto hostil - tamén educativo - que remata, na maior parte dos casos, no abandono da lingua ou nun uso diglósico. Co gallo da nosa XXXV Asemblea Xeral, queremos poñer de manifesto a nosa máis enérxica repulsa a quen, un día si e outro tamén, non perden ocasión de consideraren a nosa lingua e a nosa cultura como de segunda categoría. Reafirmámonos nos nosos principios fundacionais e mostrámonos como un elo desa cadea na historia que nos trouxeron os devanceiros, na que soñaron e pola que loitaron tantas persoas hoxe xa desaparecidas, e que deixaron un pouso en nós que non conseguirán borrar. E queremos manifestar, igualmente, a nosa intención de traballarmos ata o esgotamento para lles deixar ás xeracións futuras - os elos que nos seguen - un país dono de si, orgulloso de seu, da súa cultura e da súa lingua.

coeducar para transformar a vida

Unha vez máis, este 8 de marzo o feminismo bailou as rúas esixindo unha nova sociedade. As demandas formuladas, sustentadas en décadas de estudos de xénero e mobilización social, representan un desafío destemido a ese matrimonio de conveniencia que supón a alianza entre o patriarcado e o capitalismo. A capacidade das propostas feministas para facer tremar os alicerces mesmos deste sistema de explotación non só “do home polo home”, senón tamén e sobre todo, das mulleres polos homes, pode medirse facilmente observando a virulencia da reacción que provocan entre os defensores do *statu quo*. Nova Escola Galega aposta desde as súas orixes pola coeducación como ferramenta imprescindible de transformación social. Nestes 36 anos que vimos de celebrar, temos asistido a cambios radicais na escola e na sociedade - a miúdo non na dirección por nós desexada - que nos levan a renovar unha vez máis o noso compromiso cunha transformación da escola que poña a vida no centro da práctica educativa. Unha vida que desexamos para o noso alumnado libre dos estereotipos de xénero que mancan e limitan a mulleres e homes; unha escola que queremos que teña a educación emocional na cerna de todas as aprendizaxes; unha sociedade onde o benestar subxectivo e colectivo sexan unha prioridade. Queremos, xa que logo, contribuír a construír - esixindo medios, propoñendo ideas, denunciando prácticas... - unha escola que:

- Cuestionar as asimetrías de poder entre mulleres e homes en todos os ámbitos.
- Supere o modelo masculino como categoría universal.
- Corrixa as prácticas sexistas nas aulas, nos corredores, nos patios de recreo, nas salas de profesorado...
- Dote as nenas de referentes femininos apoderados cos que se identificar.
- Ofrezca aos nenos modelos de masculinidade alternativos á hexemónica.
- Sexa, en definitiva, un espazo de liberdade desde o que transformar as subxectividades de todas as persoas que se achegan a ela.

Porque, como dixo Adrienne Rich, debemos afacernos a que temos que inventar o que desexamos, desde NEG queremos convidar a toda a comunidade educativa a participar na creación desta nova escola galega e universal desde a que inventar unha sociedade que permita a todas as persoas construír a súa identidade e vivir a súa vida desde a liberdade máis radical. Queremos facer un chamamento especial aos profesores varóns para que asuman activamente un compromiso explícito coa igualdade entre homes e mulleres que permita superar a “fenda de xénero coeducativa” presente nas escolas, e que deixa aos alumnos sen modelos masculinos igualitarios cos que se identificar. Demandamos, finalmente, da Consellaría, que converta a coeducación no motor do cambio social esixido onte, 8M de 2019, de xeito clamoroso nas rúas de todo o país.

formación

O vindeiro 11 de maio terán lugar no Pazo de San Roque, en Compostela, as Xornadas de Lingua do STEG. Esta actividade estará homologada con 8 horas de formación ao abeiro do convenio asinado no seu día polo STEG coa Consellería de Educación.

Baixo o título de *Mariñeiras, labregas da linguaxe*, contaremos con ponencias, palestras e actuacións a cargo de Teresa Moure, Valentina Formoso, Antía Cortizas, Najla Shami, Esther Carrodegas e Susana Vázquez López, entre outras. Estamos aínda acabando de concretar algún aspecto do programa, mais convidámosvos a permanecerdes xa atentas ao noso web e a inscribivros na actividade unha vez que abramos prazo de matriculación. Agardámosvos!

día das letras galegas 2019: antonio fraguas nas aulas

Emilio X. Ínsua

Desde o STEG sumámonos un ano máis con ledicia e entusiasmo por igual á riola de iniciativas, actividades e publicacións que, co pretexto de render homenaxe a unha figura relevante da nosa historia cultural, converten o 17 de Maio nun dos días en que o rostro participativo, dignificador e orgulloso da nosa sociedade se fai presente por toda a parte, nunha verdadeira FESTA. Facémolo, ademais, deixando propositadamente aparcado o exercicio crítico que sen dúbida merecen as frecuentes manobras “palatinas” que parecen preceder a elección da persoa obxecto de homenaxe nese Día, cunha tan teimuda como inxusta preterición para un xigante imperecedeiro da cultura de noso como foi D. Ricardo Carvalho Calero.

Nalgunhas ocasións, inevitabelmente, o perfil concreto da figura obxecto de atención no 17 de Maio achégase de maneira máis tanxencial e difícil ao mundo das aulas no que traballamos e nos movemos, esixindo grandes doses de “adaptación” para tirarlle rendemento en forma de dinamización, actividades ou propostas didácticas. Outras, por contra, ese perfil cae perfectamente no rego das nosas necesidades, expectativas ou simplemente apetencias, ben porque a persoa en cuestión cultivase a literatura infantil e xuvenil, o teatro, as artes plásticas, o xornalismo ou calquera faceta doadamente abordable nas nosas sesións de traballo co alumnado, ou porque tivese directa relación coa propia institución escolar, ou porque...

Nesta ocasión, *in medio virtus*. D. Antonio Fraguas foi docente de secundaria na súa vida laboral en localidades como A Estrada, Lugo e Compostela, e profesor nunha academia privada compostelá cando resultou “depurado” nos anos de ferro da ditadura franquista, o que



permite xa á partida un achegamento empático e próximo ao seu mundo de actividades, intereses e praxes. Foi, igualmente, investigador erudito dunha parte do pasado educativo do país, con achegas fundamentais, por exemplo, ás respectivas historias do Colexio Fonseca e da Sociedade Económica de Amigos del País da capital galega.

Mais, asemade, traballou arreo como investigador vocacional, no Seminario de Estudos Galegos, no Instituto Padre Sarmiento, na Real Academia Galega e no Museo do Pobo Galego en materias humanísticas diversas directamente relacionadas case sempre co coñecemento do medio: a etnografía, a antropoloxía, a historia, a arqueoloxía, a xeografía...

Nas millentas pequenas e grandes publicacións que fixo sobre todos estes temas (o cancionero popular, os traxes, as romarías, os santuarios, o Entroido, O Magosto, o Nadal, o culto aos mortos e outras crenzas e tradicións máxicas, os xogos infantís, a emigración...), moitas delas agora novamente accesíbeis en formatos e desde plataformas moi diversas (ver webs da Academia Galega e do Museo do Pobo Galego), poderemos atopar para estes días de traballo nas aulas ideas, estímulos, métodos de abordaxe e información substancial que nos permitan “recrear”, actualizándoo, o seu labor e reproducir, en definitiva, o mesmo proceso marabillado polo que un día tamén el, neno de familia humilde no rural Cotobade, descubriu nas aulas da súa escoliña de Famelga da man dun mestre tocaio seu que había un mundo enorme de saberes por descubrir en todas as cousas e que a Terra propia só resulta pequena e insignificante para quen mede o tamaño das cousas pola cativeza do seu espírito sen ansias de mellora nin elevación.

experiencias de aula

entrevista a coordinadoras de bibliotecas de centro

Verónica Martínez Delgado

Quen es e cal é a túa profesión?

Beatriz Maceda: Son mestra e escritora. Nacín no barrio de Beiramar (A Coruña); tamén vivín unha parte importante da miña vida en Vilalba (Lugo). Gozo da lectura, sen ela a vida sería moi difícil; da miña familia, das conversas cómplices con amigas, da escrita (tamén sería moi difícil vivir sen ela); de camiñar, se é sen rumbo mellor.

Teño publicados, até agora, tres libros: “Man. O alemán de Camelle”; “O álbum de Garrincha” Edt. Galaxia; e “Cando John Lennon coñeceu a Valle-Inclán” Edt. Trifolium. Formo parte da Plataforma de crítica literaria feminista “A Segá”.

Son mestra de inglés no CEIP Raquel Camacho e coordino, xunto cun grupo de compañeiras, a biblioteca. Este é o lugar onde paso as mellores horas, dentro do horario docente. Aínda que tamén hai que levala para a casa se queres que as rapazas e os rapaces atopen nela un lugar no que sentirse acollidas con agarimo, no que sintan que é o espazo no que poden vivir unha das mellores experiencias da súa vida: ler.

Susana S. Aríns: Susana Sánchez Aríns é profesora de ensino secundario já maior de idade. Quer dizer, levo vinculada ao ensino público por volta dos 20 anos.

Que posto ocupas na biblioteca do teu centro escolar? Foi unha escolla voluntaria? É algo vocacional? Calessen as túas funcións e a túa implicación?

Beatriz Maceda: Son coordinadora da Biblioteca. Había que escoller unha coordinación e eu tiña moi claro. Se había un lugar no que podo aportar un pouco era nesta coordinación.

Penso que a biblioteca é algo tan vocacional como ser mestra, é dicir, a docencia, o gusto polos libros e o goce da lectura, é ou deberían de ir unidas. Procuo dedicarlle, xunto co equipo da biblioteca, o maior número de horas posibles.

fotografía: La Voz de Galicia



beatriz maceda

**CEIP Raquel Camacho,
A Coruña**

Tamén é certo que o equipo directivo do Raquel Camacho, na medida das súas posibilidades, procura ser xeneroso para que teñamos o maior número de horas para traballar na biblioteca.

Ademais do préstamo de libros, encargámonos de manter ao día o noso fondo. Todos os cursos temos un proxecto que nace da biblioteca para todo o colexio, e no que se implica todo o claustro e tamén as familias e a ANPA.

Organizamos conta contos, que fan as alumnas e alumnos e tamén contamos con nais ou pais que veñen a contar un conto. Apadriñamento lector dentro do colexio. Saídas a contar contos noutros centros de infantil ou de maiores. Temos o “Club Lector Tusitalas” para 5º e 6º de EP; ao longo do curso recibimos a visita de moitas autoras. Este trimestre xa estiveron Mercedes Queixas Zas, Andrea Barreira Freije e Ledicia Costas. Pensamos que o contacto coas nosas autoras e autores é moi importante para as nenas e os nenos. Tamén temos dous blogues “Rakonto” para EP, e “Rakonto Pequeno” para EI, con entradas diarias.

Todo isto e máis, é o traballo que realizamos. Que podemos resumilo nunha única función: que as nosas alumnas e alumnos se sintan felices de vir á biblioteca e atopen nela un lugar para a creación e a imaxinación. Que tanto precisamos para medrar como persoas e neste sistema educativo que non destaca polo fomento da creatividade.

E temos outro apoio fundamental, as voluntarias e voluntarios que axudan na biblioteca e na realización de moitas das actividades.

Susana S. Aríns: Neste momento coordino a Biblioteca Escolar a proposta do equipo directivo mas aceptando o repto com ilusão. No centro anterior fazia parte da equipa de biblioteca e é uma faceta do nosso trabalho que me interessa muito. Sem embargo, não considero que seja vocacional. Porque acho que as professoras devemos ser profissionais, não vocacionais.



susana s. aríns

CPI Aurelio Marcelino Rey García,
Cuntis

Independentemente de que eu tenha interesse pessoal polo mundo da literatura, da LIJ e da educación literaria, todas essas cousas poden ser levadas por qualquer docente, sempre que ponha o interesse mínimo que deve pôr para um trabalho polo que recibe um salário. Vejo assim a maneira em que devemos assumir, não só o trabalho de biblioteca mas qualquer função que como docentes nos corresponde (titorias, cargos directivos, etc.).

Como coordinadora o meu labor principal é velar porque no centro cumpramos o Projeto Leitor e o Plan Anual de Biblioteca, a proposta de actividades, a gestão de compras, e a dinamização do nosso trabalho. Levar a Biblioteca Escolar como merece pede muito tempo e não temos, nem eu nem as minhas compañeiras, as horas de liberación horaria que quixeramos, assim que vamos priorizando tarefas. Para mim é básica a da dinamização e a do fomento do trabalho por projetos. Acho que não há biblioteca sem usuárias e não há biblioteca escolar sem innovación pedagógica.

Como definirías o perfil da bibliotecaria escolar? Que cualidades cres que debe ter unha boa bibliotecaria? Cres que hai algún estereotipo arredor da figura da bibliotecaria?

Beatriz Maceda: A bibliotecaria escolar ten que ser lectora, se non é imposible transmitir a paixón pola lectura. Debe estar ao día das novidades literarias e intentar coñecer os gustos dos e das usuarias da biblioteca.

A meirande parte das coordinadoras somos mulleres; tamén é certo que, normalmente, somos maioría nos claustros dos centros educativos. Non creo que exista ningún estereotipo arredor da figura da bibliotecaria escolar.

Susana S. Aríns: Por uma vez não vou criticar às nossas superiores. Acho que desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares levam anos a fazer um grande trabalho de definición do perfil de biblioteca escolar e de responsáveis de biblioteca. E não quadra nada nem com essa ideia de espaço silencioso e de estudo nem com essa bibliotecária de óculos na ponta do nariz e tssss

na boca (essa má malíssima da senhorita Bubble). A biblioteca escolar deve ser um espaço de encontro entre pessoas e de acceso a múltiples formas de aprendizagem, não só livro. Há ser um espaço de socialização e não de castigo, cousa que ainda se via não há tanto nalguma escola. E as bibliotecárias não somos outra cousa que mediadoras, a ligação entre as usuarias e os recursos que a biblioteca oferece. Ajudamos, recomendamos, oferecemos, orientamos.

Que particularidades se observan nunha biblioteca escolar con respecto a outros tipos de bibliotecas? Por que cres que é atractiva a biblioteca do teu centro educativo?

Beatriz Maceda: A biblioteca escolar é un ente vivo cada segundo que pasan as alumnas e os alumnos no colexio; espállase por todo o seu currículo, ou polo menos esa debe de ser a meta a conseguir. Algo moi importante, aínda que o noso fondo non é comparable ao dunha biblioteca pública, é que na escolar poden suxerir lecturas, iso fai que o fondo de libros sexa máis atractivo para elas e eles. Sen dúbida, é tamén un lugar de encontro con compañeiras e compañeiros que comparten o gusto pola lectura e o intercambio das mesmas. A biblioteca do colexio Raquel Camacho é sobre todo un lugar alegre e no que son recibidas e recibidos con cariño. Un lugar do que senten que forman parte.

Susana S. Aríns: Acho que a diferença principal é que a idade das usuárias modela o tipo de fondos e actividades com que deve contar. No nosso centro temos alunado de 3 a 16 anos e para el devem ser pensadas as adquisicións de fondos e a proposta de actividades.

Por outra parte, ao serem bibliotecas escolares deve haver vinculação entre as suas propostas e tanto o projeto educativo como com a organización curricular do centro. Acho que deve ser motor de mudança metodológica, ofrecendo um espaço e recursos para fazermos outro tipo de trabalhos e tarefas.

Neste momento a nossa Biblioteca é um espaço DO alunado, que ele sente como próprio e que utiliza para estar, falar, ler, jogar, pesquisar... Já não é um espaço marginal, mas central na vida do centro. Procuramos facilitar a sua participação nas mudanças que fomos realizando; por exemplo, no ano passado ampliamos o espaço físico e fizemos um concurso de ideias para organizar a nova distribuição do espaço e a aquisição de mobiliário. Quando as obras acabaram, muitas vinham comprobar se as suas ideias foram incluídas ou não.

Sabe o alumando utilizar as fontes de información para a elaboración de traballos académicos?

Beatriz Maceda: Iso depende da idade, pero sempre teñen o apoio das voluntarias e voluntarios, ou da mestra ou mestre para axudalos. A partir de 4º de EP, son totalmente autónomas e autónomos; mais alá de pedir información sobre algún libro para un traballo en concreto.

Susana S. Arins: Acho que se não sabe é a nossa responsabilidade. Penso que cada vez prestamos mais atención a esta parte da formación académica do alunado, a denominada Alfabetización Informacional, mas o uso de fontes de información deve partir da primeira palabra: uso. Se não propomos actividades nas aulas que exigan o uso dessas fontes, dificilmente aprenderán a utilizá-las. Por isso é tão importante a proposta de actividades de pesquisa, de experimentación, de exposición de traballos, etc.

Que fondos, proxectos, actividades, plans de formación e servizos podemos encontrar na biblioteca que coordinas? Tedes actividades de promoción da lectura?

Beatriz Maceda: Os fondos pensámoslos ao inicio do curso en base, por unha banda, ás necesidades que vexamos, onde están as maiores carencias; e por outra, en base ao proxecto que vaíamos a realizar nese curso. Por exemplo, este curso estamos traballando a igualdade de xénero, o noso proxecto titúlase “Galicia en feminino” e, en base a este proxecto, mercamos lecturas relacionadas co mesmo.

En canto ás actividades, como xa dixen, temos: conta contos, teatro, lecturas compartidas, a semana do libro, un premio de relatos no Samain “Dame Medo”, catro grupos de club de lectura, cine-foro, visitas de autoras e autores, exposicións, a participación das familias en distintas actividades, dous blogues. Tamén participamos co Proxecto de Voz Natura, coa biblioteca Ágora; co coordinador de normalización, celebramos o Día de Rosalía, da Ilustración, do libro infantil, das Letras Galegas e case todas as conmemoracións que hai ao longo do curso.

Por suposto, todas estas actividades van enfocadas a crear a paixón pola lectura nas nosas alumnas e alumnos.

Susana S. Arins: Agora mesmo o que mais me orgulha é termos recreios ativos, quer dizer, a biblioteca viva durante os recreios, com usuárias acedendo a todos os seus recursos. E também orgulha-me o bom funcionamento dos clubes de leitura. A mostra é que o clube de primaria, no que participan crianças de 3º a 5º EP, passou de ter 17 integrantes no ano passado a contar com 40 neste. Temos o relevo leitor assegurado!.

Polo que respeita ao ALFIN, este ano estamos a realizar um projeto de investigación documental de centro por volta de um pequeno museo etnográfico com o que contamos na escola. Os grupos estão a “adoptar” peças desse museo para investigar sobre elas e transmitir os resultados das suas pesquisas ao resto da comunidade educativa. E as famílias participam doando novas peças.

A mim, pessoalmente, interessa-me também introduzir o feminismo e a co-educación polo que sempre, em coordinaç  o com a Comiss  o de Conviv  ncia, preparamos uma exposi    o e uma unidade did  tica para os 25N e o 8M, nas que participa quase todo o centro.

Como seleccionas e difundes o fondo ou as actividades da biblioteca?

Beatriz Maceda: A selecci  n depende das carencias, dos intereses das nosas usuarias e usuarios; e do proxecto da biblioteca cada curso.

A difusi  n fac  mola, fundamentalmente, a traves dos dous blogues, da revista Viveiro 2.0; da p  xina Web do colexio, do voluntariado; e tam  n estamos nas redes sociais: Facebook e Twitter.

Susana S. Arins: Para a sele    o de fondo utilizo duas vias: uma, estar ao d  a no que s  o as novidades editoriais naqueles temas e campos que interessam numa biblioteca escolar. Esta parte n  o me resulta muito complicada, pois eu sempre fui formiguinha de biblioteca e livros. Por outra parte, os projetos que est  m em marcha no centro, por parte de ciclos ou grupos ou professorado individual, marcam o outro tipo de adquisi    es. A ideia    adquirir fondos que sim vaian ser utilizados e n  o que, mesmo interessantes e fermosos, vaian ficar esquecidos nos andeis.

A difus  o do fondo    direta, atr  v  s de expositores de novidades e mesmo a exposi    o de fondos na sala de professorado. Levo comprovado que as mestras somos as melhores mediadoras. Se n  s levamos livros   s aulas, as crian  as v  m depois    procura desses livros    bibli  o, assim que muitas vezes interessa-me mais a difus  o entre docentes que ao alunado.

Em dezembro e junho, com o boletim de qualifica    es, enviamos a todas as casas, um outro boletim de recomenda    es leitoras, que inclui novidades para todas as idades, mesmo adultas, em l  ngua galega.

E temos um blogue da bibli  o, <http://bibliocuntis.blogspot.com/2018/>, mas hei admitir que ultimamente s  o o atualizo uma vez acabado cada curso, porque

como disse antes, o horário de biblioteca não nos chega e priorizamos a realização de actividades.

Que opinión che merece o Plan LÍA impulsado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional?

Beatriz Maceda: Como todo proxecto é susceptible de melloras, mais hai que recoñecer que desde a súa existencia as bibliotecas escolares teñen a posibilidade de melloras que antes eran moi difícil conseguir; tamén pór en valor a biblioteca escolar como o pulmón a través do que respira o colexio.

Susana S. Aríns: Já indiquei antes que é uma das políticas da nossa conselharia que me parece bem orientada e levada. Das poucas. Acho que tem uma boa base pedagógica e, de haver chatas a colocar, seria a pormenores dos programas, não ao conceito geral do mesmo. Ademais vejo que o conceito de biblioteca escolar que funciona na assessoria é dinámico, quer dizer, vai-se melhorando e modificando a medida que se incorpora a experiência de tantas escolas que estamos imersas nestas mudançás.

Que mellorarías da rede de bibliotecas? E da biblioteca do teu centro? Colaborades con outras bibliotecas doutros centros educativos? Como ves o futuro das bibliotecas escolares? Como definirías a biblioteca perfecta?

Beatriz Maceda: Penso que unha das grandes melloras que se poderían levar a cabo é que haxa unha mestra ou mestre a tempo completo dedicado á biblioteca, algo que xa existe en Portugal. Poderíamos facer moitas máis actividades, axudar a mellorar a comprensión lectora das nosas alumnas e alumnos (algo fundamental para a súa vida persoal e académica). Sería un gran avance, se realmente se quere apostar forte non só polas bibliotecas escolares, senón tamén pola formación das alumnas e alumnos.

Con respecto ás melloras que faría na nosa biblioteca, gustárame que tivéssemos máis espazo para ter un escenario no que facer as representacións teatrais e os conta contos; ter ordenadores portátiles e máis luz natural. Tampouco estaría mal facela un pouco máis funcional se puidésemos mercar mobiliario máis moderno.

Eu son optimista por natureza, e creo que a actitude debe ser sempre a de loitar por un futuro mellor.

Creo que a biblioteca perfecta é a que consegue que as nenas e o nenos se acheguen a ela con ilusión, na que senten que forman parte. Na que o silencio, as risas, a complicidade, o respecto, convivan con naturalidade. E, cando

rematen a súa etapa escolar, a lembren como o lugar no que pasaron parte dos seus mellores momentos. Se ademais logramos que xa leven inoculada a paixón pola lectura, pois xa está.

Logo poderíamos entrar na arquitectura, nos medios... pero iso depende de tantos factores, que prefiro quedarme cos máis humanos, aqueles nos que como comunidade educativa podemos intervir.

Susana S. Aríns: Em especial os tempos de liberación para o profesorado. Porque uma cousa é o conteúdo da circular que a Dirección Xeral de Centros envia em setembro todos os anos, que diz, por exemplo, que as coordenadoras teremos todo o nosso horário que não seja de aulas dedicado à biblioteca, e outra cousa a realidade dos quadros de pessoal dos centros e das ordens das inspecções. Eu este ano conto com três horas, três, para todo este trabalho de que che falei, sem contar as horas de guarda de biblioteca em recreios. Acho que é absolutamente insuficiente. E pior é a situação das minhas companheiras de equipo. Isso dificulta tanto o trabalho como a coordenação.

No nosso concelho não há outros centros educativos. Temos relação informal com outras escolas, mas em realidade vem dada pola relações persoais do profesorado. Temos, isso sim, relação com a biblioteca municipal: organizamos visitas à mesma desde a escola e quando é possível, fazemos actividades coordenadas.

Acho que as bibliotecas escolares acabarán por ser o motor dos centros educativos. Será a partir delas, por acceso a recursos, por disposición de espazos, que o profesorado organizará as suas sesións didáticas. Perfeito seria que qualquer aluna que sentisse a necesidade de saber algo, acudisse à biblioteca e encontrasse, não a resposta, mas a maneira de consegui-la. E perfeito seria que qualquer aluna que sentisse a necesidade de contar algo, acudisse à biblioteca e encontrasse, não o público, mas a maneira de consegui-lo.

Algunha anécdota que contarnos?

Beatriz Maceda: Hai nenas e nenos, as máis pequenas, que me chaman “biblioteca”, e teño que recoñecer que me fai ilusión.

Susana S. Aríns: Hoje não é dia para anedotas. Vimos de sofrer uma inundação na escola que afetou ao espaço bibliotecário. Um desastre. Suspendeu-se a atividade letiva para o alunado, que desconhecía o alcance dos danos. Por isso foi bom sair da escola um momento, encontrar uma aluna na rua, e receber como saúdo um “pró, os livros ficaram bem?” cheio de preocupação pola “sua” biblio. Alguma cousa estamos a fazer bem.

22 experiencias de aula sobre o ensino de artes

entrevista a

Verónica Martínez Delgado

Quen es e cal é a túa profesión?

Fernando Rei é un músico de Compostela que ten como profesión a docencia, exactamente a aprendizaxe da trompeta no Conservatorio Profesional de Música de Compostela.

Gonzalo Brea é unha persoa moi normal, que pretende camiñar pola vida de xeito moi vital e implicándose en todo aquilo que o apasiona, que non é pouco. Intento ser, basicamente, boa persoa, que aínda que pareza algo moi superficial, para min engloba moitos valores e principios que non me gusta descoidar, algo que non é fácil nos tempos que corren, onde todo se soe converter en competición e rivalidade. Existen tres palabras que pretendo sempre levar na miña mochila: integridade, coherencia e honestidade.

Son mestre de Primaria, pola especialidade de música, aínda que aprobei as oposicións por filoloxía inglesa. Actualmente, estou destinado con praza definitiva no CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío, de Esteiro (Muros), a localidade onde resido e teño feita a miña vida.

Xiao Somoza: Som professor de música no Ensino Secundário e som músico. Fum mestre em diferentes contextos. No conservatório, na Universidade e em diferentes escolas de música. Participei e participo em diferentes grupos musicais: Fía na Roca, Pesdelán, Vai trío... Ao mesmo tempo estou desenvolvendo o meu proxecto persoal chamado Berlai, no que mesturamos música, poesía e ilustración.



Foi unha escolla voluntaria? É algo vocacional ou profesional?

Fernando Rei: O de ser músico foi totalmente voluntario, aínda que seguramente no subconsciente estivese predisposto, e algo axudase o feito de ter na casa, e nos arredores, persoas que tiveran contacto coa música. O de escoller a trompeta tamén foi unha decisión voluntaria. En canto ao traballo docente tamén foi voluntario despois de anos de reflexións arredor de onde quería chegar no presente e o futuro persoal-profesional.

O da música e o da trompeta nunca pode ser algo profesional cando un/ha toma a decisión de comezar nese mundo sendo moi neno/a. Aínda que debo recoñecer que se puidese voltar atrás no tempo sabendo o que sei agora, xamais escollería a trompeta como o meu instrumento de futuro.

Gonzalo Brea: Dende pequeno, sempre que me facían a típica pregunta de “que queres ser de maior?”, eu tiña o moi claro: mestre. Non sabería dicir moi ben o porqué, pero esa foi a miña vocación desde que eu teño recordos. Pode ser que tivese algún ou algunha profesora que me deixase pegada, e que nalgún momento tomase a decisión de querer ser coma el ou ela. E na miña familia non hai antecedentes, que tamén soe influír moito nestes casos. Así que, podo dicir, con absoluta firmeza, que o meu é algo vocacional. A día de hoxe, e despois de case que 30 anos dando clase, estou convencido de que non me equivoquei.

gonzalo brea

xiao somoza

Xiao Somoza: De adolescente soubem que quería ser músico. Daquela nom tinha pensado traballar como mestre, mas compaginei os estudos no conservatório com os estudos de magisterio musical (nom fixem magisterio por conveción, mas ao comezar ali, coñecer ás minhas compañeir*s de carreira, e por causa dalgum* profesor* concret* ... cada vez fum gostando mais e mais do ensino).

Hoje em dia ser profesor de música é unha vocación. Eu som de apaixonar-me naquelas cousas que fago, e poder crear arte com o meu alumnado supom para mim unha revitalización diaria. Estou rodeado de gente nova que ri, que tem a mente com poucos prejuízos à hora de crear, gente mui imaginativa. Gosto de potenciar isso. Potenciar aquelas inteligências que están apartadas do ensino habitual.

Cal é a túa opinión sobre o ensino das diferentes artes dentro dos currículos escolares? Que consideras que se debería mellorar e como sería o teu ideal?

Fernando Rei: Que precisan dunha profunda reformulación e ser tratadas por persoas coñecedoras do que se trata. A educación é un eido que non pode ser regulado desde un pensamento puramente técnico-teórico. Non se poden engadir currículos educativos de artes tan só porque estea ben visto para o sistema, se non tes especialistas que digan como se engaden, para que se engaden e cara quen e para quen se engaden eses currículos.

No meu caso - eido musical - endexamais haberá unha óptima ensinanza artística mentres se lle impoña ás crianzas - de ata os 13-14 anos - unha férrea programación didáctica que os teña máis preocupado/as de superar uns obxectivos que de gozar do que teñen nas mans. Se eu tivese o máis mínimo poder político, ningunha crianza estudaría nun conservatorio deseñado como os que temos no país, ata que non tivese absolutamente claro que quixese dedicar a súa vida á música. Daría a posibilidade para crear un sistema de escolas de música, onde non existisen avaliacións nen cualificacións, e que se poidese comezar desde os 3-4 anos e que priorizase a práctica grupal. Que estas escolas tivesen o apoio directo e principal da administración pública galega, e deixar para os concellos tan só a colaboración.

Gonzalo Brea: Considero que a arte constitúe unha característica esencial que nos identifica como seres humanos e que permitiu e permite transmitir a cultura nos diferentes ámbitos e polo tanto, é básica para a supervivencia, xa que o noso cerebro necesita da arte. Xa desde pequenos, e de xeito natural, cantamos, bailamos, debuxamos, xogamos... actividades imprescindibles para o bo funcionamento sensorial, motor e cognitivo, pero sobre todo emocional. Logo, a educación artística é necesaria, non porque nos faga máis intelixentes, senón porque desenvolve unha serie de competencias e rutinas mentais básicas para un mellor aprendizaxe de calquera contido curricular.

Dito isto, e centrándome no ensino das artes no currículo, opino que ten moita fragilidade. É algo intrínseco á propia sociedade na que se considera que as áreas máis ligadas a formar ao alumnado en actividades máis produtivas ou rendibles, son máis importantes á hora de ter unha cualificación. Por exemplo, e de xeito xeral, para unha familia é peor sacar un 5 en matemáticas e un 10 en música, que un 7 en matemáticas e un 5 en música. Ou polo menos, é a sensación que se nos transmite desde as casas; sen importar que estes datos poderían ser moi relevantes á hora de enfocar as vocacións ou calidades das nenas e nenos.

Case que enviamos á Educación Artística a formar parte ornamental dunha parte do currículo. Queda plasmado claramente, en Primaria, na distribución horaria semanal, na que a música e a plástica dispoñen dunha sesión cada unha.

Son dos que opinan que todo é mellorable, non hai nada perfecto... pero na educación, sobre todo.

O meu enfoque do ensino, en xeral, pasaría por unha modificación global da estrutura de “encasillamento” nas escolas, tanto a nivel de agrupamentos como a nivel de áreas e horarios. Non me gustan os agrupamentos por idades. Supoño que existirán moitos argumentos, e moi bos, a favor deste tipo, e por iso a día de hoxe está vixente, pero aínda non me convenceu ningún. Eu optaría por agrupamentos mixtos, con idades próximas, e a medida que van medrando, poder crear clases flexibles nas que se poidan xuntar por intereses comúns, necesidades ou calidades. Iso non implicaría deixar de lado o currículo, pero si poder levalo a cabo dun xeito máis específico centrándonos no alumnado como persoas individuais, e non como membros dun grupo que teñen a mesma idade, xa que todas e todos somos diferentes. Niso consiste a diversidade.

O mesmo diría coas distribucións horarias “estancas” por semana. Non entendo que teñamos que ter todos os luns, a terceira hora, matemáticas. Non sería mellor, facer un reparto máis flexible? O alumnado ten que coñecer e dar resposta a un currículo, e hai un curso para facelo. Por que ten que ser por áreas separadas? Nunha mañá, e cunha actividade global, poderíamos traballar moitísimos estándares de aprendizaxe de distintas áreas, sen necesidade de ser tan específicos e concretos. Facendo unhas rúbricas claras e concisas, poderíamos avaliar sen problema. O alumnado traballaría máis a gusto, e o profesorado, por conseguinte, tamén. Aquí, entrarían as artes, como algo máis globalizado e inmerso na propia tarefa ou actividade. Deste xeito, non estaría relegada, a educación artística, a dúas horas semanais, en Primaria, e coa sensación de área “ornamental” como dixeran antes.

Sei que todo isto é unha utopía, e que temos que seguir traballando arreo cos recursos e coas leis que dispoñemos. Por suposto, forza e folgos, non faltan!!

Xiao Somoza: É umha mágoa ver como o currículo em geral trata às artes como umha humanidade mais. A historia da música é máis importante realmente que a práctica musical? Se convertemos o ensino das artes em ensino da história destas artes ou no ensino das técnicas teóricas das mesmas, estamos asasinando as posibilidades criativas que elas têm.

Isto nom passa só com as artes. Por exemplo, a matemática, a língua, etc... som disciplinas que se baseam na criatividade, nom obstante o seu ensino basea-se na repetição e na resolução de problemas de carácter linhal, quando o pensamento é muito mais rico.

Se só nos fixamos nas artes é umha mágoa que a introdução das mesmas que supugo a Logse fosse perdendo força e penso que um dos motivos é precisamente por nom pensar nelas de maneira criativa. A prática das mesmas deveria ser obrigatória para todo o mundo.



experiencias de aula unha experiencia combinada é posíbel

Aarón Bernárdez
CPI de Mondariz

En novembro do 2018 recibín un correo para poder participar nunha convocatoria a nivel MECD e europeo. A convocatoria tiña que ver con realizar escenarios de aprendizaxe partindo da páxina web *Europeana* <https://www.europeana.eu/portal/es/search?q=&view=grid>, unha páxina na que se pode explorar case sesenta millóns de obras de arte, artefactos, libros, vídeos e sons de toda Europa.

Non tiña moita esperanza de ser elixido, xa que a convocatoria era para 130 profesores e profesoras de doce países europeos. Engadido era que ao ser especialista no CPI de Mondariz de audición e linguaxe, non dispuña dun grupo de alumnado para realizar as tarefas máis que a suposta “hora de ler” que temos no centro de vinte minutos diarios e que teño dúas sesións semanais cun sexto de primaria de 15 alumnos/as.

Pois a realidade foi que fun seleccionado xunto a nove persoas máis para realizar o labor, co cal estou con un ano que se pode prolongar a outro máis.

A actividade consiste en crear e implantar un escenario de aprendizaxe e subilo ao blog, e posteriormente, implantar o de outro país, e tamén subir a experiencia á Rede.

A ocasión prestouse para mellorar e traballar certas competencias:

- a lingüística, redactando e confeccionando fichas de cadros e esculturas.
- a científica e tecnolóxica, creando un museo virtual en 3D.
- a dixital, traballando co *google drive*, realidade virtual e aumentada...
- a de expresión cultural, polas obras de arte seleccionadas.
- espírito emprendedor, creando e planificando o proxecto.
- aprender a aprender, organizando e planificando a aprendizaxe.
- incluso un pouco a social e cívica, mantendo debates á hora de organizarse.

A planificación foi a seguinte:

En primeiro lugar aprendemos o uso do Cospaces <https://cospaces.io/edu/>.

Seguidamente creamos catro grupos para realizar as salas. Estes grupos seleccionaron as obras e colocáranas nas salas. Respectando os dereitos de autor.

Non rematamos sen facer avaliación do proxecto, traballo e profesor. Para iso utilizamos *Plickers*.

Convidamos a ver o traballo final no seguinte enlace:

<https://cospac.es/Btou>



Neste intre estamos na segunda parte de aplicación, na que temos que realizar un escenario de outro país. Para iso había moi poucos (uns sete) e eliximos facer un museo que era máis sinxelo que o noso. Posteriormente apareceu un con boa pinta, cuxa temática era o papel da muller en Europa. No enlace seguinte podedes ver un resumo: <https://view.genial.ly/5c7d45847d15495764fa0099>

rosalia de castro nas aulas de música... ou música nas aulas de literatura

Eliseu Mera Quintas

A relação de Rosalia com a música vai além da sonoridade das suas poesias, pois era uma pessoa com formação musical, que –segundo nos conta Murguía– tocava vários instrumentos e que mesmo intitulou um manifesto com um nome tão musical como “Lieders”. A sua poesia foi escolhida pelos principais compositores galegos de música culta para ser convertida em canções. Muitas destas criações, como a “Negra sombra” de Montes ou o “Maio longo” de Baldomir, chegaram ao público por versões de intérpretes pop ou folk, o qual contribuiu imenso à sua difusão, mas ocultou a sua natureza originária.

As peças que propomos pertencem ao que se conhece como *lied* ou canção culta – eis a coincidência com o título do manifesto rosaliano – uma forma escrita para voz e para piano, que procura uma íntima união entre música e poesia. Nasceu no que hoje se conhecem como Alemanha e Áustria na segunda metade do XVIII, e estendeu-se por toda a Europa romântica chegando à Galiza, onde autores como Marcial del Adalid (1826-1881) ou Juan Montes (1840-1999) situaram a música galega na vanguarda do que se estava a fazer no resto do continente.

Neste contributo, imos propor uma série de canções rosalianas de diversos períodos indicando que conceitos musicais se podem trabalhar com elas.

Negra sombra

Esta poesia foi musicada polo luguês Juan Montes e forma parte das *Seis baladas galegas*, publicadas em 1897 na editora do também compositor Canuto Berea. Neste ciclo encontramos outra canção com texto rosaliano, “Doce sono”. Além destas peças, Montes tem uma importante produção de música sacra como um *Requiem* o um *Te Deum*. Está considerado um dos principais compositores do Nacionalismo musical galego, um fenómeno coetâneo ao que se produziu noutros países europeus como a Rússia, a Chéquia ou a Finlândia.

“Negra sombra” fora escrita inicialmente em forma de fantasia para orquestra (cuja versão original não se conserva, mas sim uma adaptação para orquestra de sopros) e foi premiada com a Medalha de Ouro no Certame de Havana em 1893. Posteriormente realizaria uma versão para coro masculino a quatro vozes e outra para voz e piano, a que incluiria na série de baladas publicadas por Canuto Berea.

O elemento gerador desta peça é um alalá, que Fernández Espinosa especula que poderia ser originário do Íncio. Montes converte um poema de duas estrofes numa composição de estrutura ternária, que é uma das formas mais habituais, não só na canção, senão no conjunto das formas cultas (*lied*, *minuetto* com trio, *sonata*...). Assigna à primeira e à segunda estrofe o mesmo tema musical (A), outro diferente à terceira e à quarta (B) e repete a quarta estrofe com o primeiro tema (A). Este procedimento era muito comum na altura, como podemos verificar, por exemplo, no “Widmung” de Robert Schumann (1810-1856), quem também constrói uma canção de estrutura ternária partindo de um poema de duas estrofes de Friedrich Rückert (1788-1866).

Além disto, a forma da “Negra sombra” completa-se com uma introdução e com uma coda delicadamente elaboradas, baseadas no motivo do alalá, e que fluem à volta de um acorde napolitano, que a tradição musical liga com momentos de dor ou de sofrimento.

Maio longo

José Baldomir (1865-1947) foi um compositor corunhês que estudou com Marcial del Adalid (1826-1881), o criador da canção galega. Junto com a sua obra como compositor, não devemos esquecer o importante trabalho que desenvolveu na recolha de folclore musical galego. Baldomir também musicou Rosalia noutras canções: “A un batido”, “Cava lixeiro”, “Eu levo unha pena”, “Mais ve o meu corazón”, “No ceo azul crarísimo”, “Tal com’as nubes”, “Quérome ire”, “Ti onte, mañán eu” e “¿Por que?”.

“Maio longo” é talvez o mais popular entre os *lieder* rosalianos, junto com a “Negra sombra”, e goza também de muitas



Antón García Abril



Juan Durán



José Baldomir

versões feitas por intérpretes de música popular. A sua estrutura é igualmente ternária, fruto duma transformação de um poema de duas estrofes ao assignar um tema musical a cada uma delas (A e B) mas repetindo a primeira para concluir com o mesmo tema inicial (A). A introdução e a coda são neste caso mais breves e singelas do que na “Negra sombra”.

As [sic] de cantar, meniña gaiteira

Esta é uma das três peças que o aragonês Antón García Abril (n. 1933) compôs sobre texto de Rosalía, sendo as outras duas “Todo é silencio” e “Cando vos oyo tocar”, todas incluídas na coleção *Cuatro melodías sobre textos gallegos*; a peça restante, “Coita”, baseia-se num poema de Álvaro das Casas. García Abril é especialmente conhecido pelo público graças às suas bandas sonoras para televisão e para cinema, como *El hombre y la tierra* ou *Sor Citröen*.


“As de cantar, meniña gaiteira” tem também uma estrutura ternária (ABA) em que a sucessão de colcheias na primeira e na terceira seção sobre um compasso de seis por oito nos lembra claramente o ritmo de moinheira, o qual está relacionado com o texto, pois trata de uma insistente petição de canto. Lembremos que a moinheira, além de uma dança, é também uma forma cantada.

A seção central - escrita no mesmo compasso - parte de um texto mais descritivo e está aproximada-se a um recitativo secco, fórmula a meio caminho entre o canto e a declamação utilizada a cotio na ópera e no oratório para momentos em que se quer avançar na explicação da ação.

Un repoludo gaiteiro

Esta peça do viguês Juan Durán (n. 1960) - autor também de outra canção rosaliana, “Tecin soia” - apresenta uma forma estrófica com um refrão ao final de cada parte. No meio da canção, isto é, entre as três primeiras e as três últimas estrofes, introduz um interlúdio para o piano, que nos lembra o prelúdio que as gaiteras e os gaiteiros fazem antes de começar a interpretação de uma peça. Este fragmento é desenvolvido e submetido a procedimentos conectados com o estilo de compositores minimalistas americanos como Philip Glass ou Steve Reich. Este interlúdio tem uma intenção descritiva, pois ilustra o processo de sedução do gaiteiro.

Juan Durán é um dos compositores mais relevantes da atualidade, tem cultivado todos os géneros, música de câmara, música sinfónica, e numerosas obras vocais, incluindo uma ópera, *O*



arame. Em 2018 foi o ganhador do Premio Reina Sofía de Composición Musical.

Esta pequena amostra de canções poderia-se completar com muitas outras que nos permitiriam fazer o mesmo trabalho, como “Rosa de abril” de Andrés Gaos (1874-1959), “Campanas de Bastabales”, de Joly Braga Santos (1924-1988), “Cando a luniña aparece” de Tomás Marco (n. 1942), “Como chove miudiño” de Octavio Vázquez (n. 1972) ou “Dous cantares” de Fernando Buíde (n. 1980).

Nunca sobra lembrarmos que, também na Música, quando dizemos “Rosalía”, falamos de quem falamos...

Materiais

CD

- Alonso, L. e Varela, J. M. (2007). *Lúa descolorida. Homenaje a la poesía gallega*. Sabadell: Columna Música.
- Blancas, Á e Zanetti, M. (2001). *A canción galega*. Cangas: Boa Música Editorial.
- Castillo, M^a T. e Ferreño, P. (1997). *A melodía galega na Belle Époque*. Santiago de Compostela: Clave Records.
- Pixán, J. e Zabala, A. (2014). *Cantares gallegos*. Madrid: Andante Producciones Culturales.

Vídeos online:

- Ladra, M. J. e Viso, M. "Maio longo" (QR1): <https://youtu.be/VSP9702CzQE>.
- Mera, E. e Cabaleiro, C. "Maio longo" (QR2): <https://youtu.be/XWpoyu0Nh4Y>.
- ----- "Negra sombra" (QR3): <https://youtu.be/pGx5KJ23-EI>.
- Mera, E. e Pérez Salas, E. "Un repoludo gaiteiro" (QR4): <https://youtu.be/UufD7dRA5-M>.
- Orán, M. e Martín, C. "As de canta, meniña gaiteirar" (QR5): <https://youtu.be/uu6ZAPDs5yk>
- Subrido, C. e Castiñeira, X. E. "Negra sombra" (QR6): <https://youtu.be/2TzYNM8laCE>.

Partituras

- Durán, J. (1996). *Un repoludo gaiteiro*. A Corunha: VISO Editorial.
- García Abril, A. (1992). *Cuatro canciones sobre textos gallegos*. Madrid: Unión Musical Ediciones.
- López Calo, J. (1991). *Obras musicais de Juan Montes. Vol 1. Seis baladas galegas*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Montes, J. (1897). *6 baladas gallegas para piano solo (con letra)*. A Corunha: Canuto Berea y Comp^a.
- Soto Viso, M. (2018). *Melodías galegas de José Baldomir Rodríguez*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.



QR1



QR2



QR3



QR4



QR5



QR6

40 anos daquela primavera electoral: máis educación = máis democracia!

Mar de Santiago

Dpto. de Ciencia Política e Socioloxía (USC)

Hai corenta anos tivemos unha primavera non prestada, malia que entraría a diferentes ritmos e coa chegada dunha nova especie de animal político sen perigo de extinción - un camaleonismo de siglas, non de ideas, na máis pura esencia darwinista-. Entre vai e ven, chegou a cita electoral do 3 de abril de 1979, voltaban ás rúas os ventos ceibes como metáfora dunha utopía de aulas abertas á vida. A paisaxe vital das cidades e vilas describe como somos, a contorna local é o noso referente primario e primeiro, onde nacemos á vida en comunidade. Na literatura sociolóxica considérase como o espazo que fornece o noso ser social, a identidade cultural e colectiva: "escolas de democracia".

Mais debuxando a paisaxe no seu cadro: a Galiza, aínda preautonómica, camiñaba paseniño cara á normalización democrática e a reintegración cultural. Un bulir e rebulir que afunde as súas raigames na década dos sesenta, xenuíno referente do xermolo social e da semente cultural na nosa terra. Na prorroga irredenta ata a data agardada no outono de 1975, a enerxía coas armas fornecidas da resistencia creativa, artística, cultural ou comunitaria, fluía e fervía coa censura na contra. Os persoeiros condenados á morriña alén mar, recuncan de novo na súa terra, o seu fogar. Tras cruzar esa ponte cronolóxica, pervivía o alongamento artificial dun réxime que xa fora dando mostras da súa obsolescencia institucional. No sendeiro dese abrete, agardaban tantas moreas de incertidumes como de ilusión e gañas de vestir os cambios precisos para transitar coa roupaxe axeitada. Mais a pesar do marco normativo, no que supuxo de avance en dereitos e liberdades (Lei de Prensa e Liberdade de

Expresión, Información e Creación), o limiar dos rebuldeiros anos oitenta aínda contaba con “arames de espiños” – na certaíra expresión de Manuel Rivas –. Os setenta foron unha década transicional por definición: espazo-tempo, sentido e contido, canle de trafegar ideas, voces, letras ou imaxes.

Nos albores da democracia a aprobación e promulgación da Constitución de 1978 veu reverter algún dos procesos máis ferintes da ditadura, recollendo deberes, mais tamén dereitos para cidadanía. Foron chegando os procesos electorais, semellaba que a maquinaria poñíase en marcha coa apertura da engranaxe á participación máis agardada por aquela cidadanía. Malia o artificioso do sistema, sustentado no coñecido consenso arredor do “café para todos”, a vida democrática ía enchendo os fogares da sociedade civil. Moita da cidadanía implicada no activismo daquela penumbra previa, deu un paso adiante e aportou pro-actividade, experiencia e saber facer naquela anovada andaina democrática, pasando da resistencia ou clandestinidade, á militancia oficial nalgunhas das formacións políticas da esquerda –galeguista ou nacionalista–.

Naquelas eleccións da primavera de 1979, – como era de agardar –, a participación foi moi alta e os resultados sen sobresaltos para o poder. Abaixo había un pobo aínda con ecos de xenreira na alma, berros de loita na gorxa, e teimas nas entrañas; mais tamén ancorados no franquismo sociolóxico. Se algún trazo quedaba de cultura política, eran os restos do naufraxio daquel agromar efémero que foi o espellismo da II República; por desgraza, a meirande parte fora carcomida polo peso e pouso tóxico do franquismo. No que atinxe aos resultados, cómpre falar do grande paraugas da UCD (que acada as alcaldías de Lugo, Ourense e Pontevedra) e algunha batalla gañada polo PSOE. Mais é de obriga salientar as moi significativas e senlleiras corporacións – con sumas entre a esquerda – nada naquel abrente de democracia: alcaldes de Unidade Galega en A Coruña, Narón e Fene; ou en Corcubión do Partido dos Traballadores de Galicia. Asemade, por ilustrar de novo a desigualdade das mulleres no espazo público, quede reflectido que tan só 5 saíron alcaldesas, – todas da UCD e en concellos moi pequenos – fronte a centos de alcaldes electos. A foto fixa de hoxendía lévanos a falar dun avance substantivo, mais entoando un *allegro ma non troppo*...

Nestes corenta anos, a paisaxe e a paisanaxe son transformadas. As canles participativas crecen á vez que o ascenso da desafección democrática e

política da cidadanía. O trasego demográfico campo-cidade é inversamente proporcional. As melloras nas vilas e cidades foron importantes, mais tamén desiguais e a destempo. Nas sumas: o emprendemento social, comunitario ou cultural; e a chegada das infraestruturas. Aínda coa economía e a industria á contra, a consolidación democrática forneceu o sistema público nos servizos básicos de benestar. A esperanza de vida crece, e mudan os hábitos e os consumos. Unha sociedade máis moderna na tecnoloxía, na comunicación enredada que está a un *click* ou a un *like*, pero de porta pechada para a veciñanza, lonxe dos que están preto: *anómica* total. Sáennos as soidades polos poros da nosa pel social. A diversidade cultural chega e convive con nós, está nos tempos dedicados aos chiscos de vida dos nosos maiores, ou nos aularios dos centros educativos públicos. Namentres, recunha o noso ADN migratorio, cun capital cultural *cum laude* que reparte de novo o noso talento polo mundo.

Como sociedade, e nós como educadoras/es, cómpre que saudemos os logros conseguidos, sen esquecermos os atrancos no camiño, as eivas e os retos que aínda quedan por virar. O noso alumnado éo, non só das aulas físicas das escolas, colexios, institutos ou universidades, senón das aulas abertas e libres nas que habitan da súa comunidade local –global e virtual–. En moita medida, de nós depende que xeracións nadas en espazos democráticos, saiban ponderar o seu valor intrínseco, a afouteza deses valores que han de inserir nas súas vidas e profesións. No 40 aniversario das primeiras eleccións locais, en pleno curso electoral, cómpre repensarmos as nosas institucións municipais como o actor político mellor situado para fornecer, cos recursos precisos, o traballo das comunidades educativas para mellorar a calidade na andaina da nosa tarefa de socialización e de ensino-aprendizaxe. Unha andaina sa, hixiénica, non tóxica; que reforce a cultura do esforzo; á procura da igualdade dende a diversidade e o respecto, sen interferir na integridade ou na dignidade do/a “outro/a”, do “allego” ou “diferente”.

Máis democracia require máis educación! Máis educación significa máis democracia!!!

30 as sinxelas claves dunha organización persoal efectiva

Xosé Sobral¹

Un dos erros nos que incorre iso que adoita chamarse “formación regrada” é que dedica moito tempo a formar tecnicamente para o traballo, pero pouco, ou menos, a ensinar como afrontar este eficientemente (do mesmo xeito que se indica que estudar, pero poucas veces como). Desta maneira, e contra o que adoita crerse, ser máis organizada e produtiva non é algo que requira necesariamente máis esforzo nin que esixa unha renuncia ao lecer, senón que pode acadarse aplicando unha serie de simples principios que, malia a súa sinxeleza, adoitamos descoñecer. Estes son algúns deles:

Céntrate en ser produtiva, non en estar ocupada

É habitual tratar eses termos como se fosen sinónimos, pero en realidade, ser produtiva e estar ocupada son asuntos moi diferentes. A ocupación apenas fai referencia ao feito de manterse activa, de realizar *algo*, sen incorporar a noción de que é iso co que nos ocupamos. Ser produtiva, porén, implica ser consciente de en qué decide unha ocuparse, escollendo naquilo que para nós (os nosos obxectivos, as nosas metas vitais) resulta máis relevante. Como dicía Thoreau: *Non é suficiente estar ocupada, tamén o están as formigas. A pregunta é, en qué estamos ocupadas.*

Se unha debe afondar na súa tese doutoral, preparar un exame ou continuar coa súa novela e, no canto de pórse con esas tarefas, escolle resolver outras menores ou menos esixentes,



estase mantendo ocupada, pero nunca rematará o seu día sentindo que esa foi unha xeira produtiva (porque nin a tese, nin a preparación do exame nin a novela terán avanzado como deberían). Por iso, contra o que se adoita crer, o principal principio da produtividade non consiste en disporse a facelo todo, nin en traballar arreo, senón en centrar a actividade no importante.

Ante todo, concentración

A produtividade tampouco precisa dun nivel de actividade febril, senón que remite máis ben a un estado de acougo e concentración. Trátase de escoller a tarefa principal que temos por diante e despois dedicarlle á mesma consciente e deliberadamente toda a nosa atención. A concentración é – non o esquezamos – o noso principal recurso. Como dixo Dickens, trátase de “*facer cada cousa como se non se fixese máis nada*”.

Un tempo para cada cousa

Este principio é un complemento do anterior. Estar concentrada é imposible se unha traballa e, ao mesmo tempo, atende o correo electrónico, responde *whatsapps* e, simultaneamente, usa as súas redes sociais. Non se trata de abandonar estas actividades, senón de impedir que as mesmas nos fagan estar constantemente nun estado de baixa concentración, con continuos cambios de foco atencional, algo que, ademais de improdutivo, resulta esgotador para o noso cerebro. Por poñer un exemplo ilustrativo, é máis intelixente centrarse unha hora na tarefa, e despois dedicar media ás redes sociais, que estar hora e media coa tarefa e ao mesmo tempo coas redes sociais. Mellor sempre un tempo para cada cousa.

Unha soa cousa cada vez

Outra vez o principio engarza cos anteriores. Ter ante nós varias fronteas abertas é un dos erros nos que incorremos máis acotío. É o que en psicoloxía se denomina *multitasking*, ou multitarefa: o hábito de tratar de resolver varios temas ao mesmo tempo. Este xeito de proceder produce unha falsa sensación de efectividade: como

¹Formador en materia organizativa para diferentes entidades e institucións, incluída a formación ao profesorado e alumnado de diferentes niveis educativos. Autor do blog www.organidamente.info, pioneiro en lingua galega en materia de organización persoal e corporativa.



atendemos a varias cousas á vez, cremos que resolveremos máis asuntos. Porén, todos os estudos efectuados ao respecto sinalan xusto o contrario: tratar de resolver varias tarefas simultaneamente fai que rematalas nos leve ao redor dun 40% máis de tempo do que implicaría facelas sucesivamente. A clave é que concentrarse non é un proceso inmediato, á mente lévalle entre 10 e 15 minutos acadalo, así que ese continuo cambio de foco de atención, ademais de estresar o noso cerebro, provoca baixa concentración e menos rendemento. Como dicía Antoine de Saint-Exupéry: “*O campo da consciencia é minúsculo. Só acepta un problema á vez*”.

Polo tanto, se queres ser efectiva, fai unha soa cousa cada vez.

Céntrate en comezar

Outra das cousas nas que adoitamos trabucarnos é que, antes de pornos á faena, pensamos no dificultoso que vai resultar rematar iso que temos ante nós (especialmente cando se trata dunha actividade altamente esixente). O *cambio de chip* que cómpre efectuar consiste simplemente en deixar de pensar en *rematar* e centrarse en *comezar*. Calquera que algunha vez saíse correr, facer ciclismo ou practicar calquera outro deporte, sabe moi ben que o único intre que resulta difícil é cando unha está no sofá preguntándose se facelo ou non: en canto calzou as zapatillas e se puxo en marcha, en troques, todo resulta máis doado, como se a propia actividade o levase en brazos. O mesmo principio serve para calquera tipo de actividade: é mentres nos resistimos a arrancar cando a cousa semella ardua; unha vez activadas, todo resulta máis sinxelo. Por iso é mellor pensar en comezar, partindo da premisa de que iso é o único que realmente custa, e despois deixar que a actividade flúa. Así que, sexa o que sexa, pensa que o único que debes facer é comezar, só comezar!

Aplica o “mantra da efectividade”

Dese xeito, “mantra da efectividade”, é como se adoita denominar unha frase na que quedan resumidos os principios expostos. Queredes tirar máis proveito do voso tempo? Estar máis satisfeitas co que conseguides resolver cada día? A clave apenas é aplicar o mantra: “Unha cousa cada vez, a máis importante primeiro, comeza agora”. Sen máis.



A segunda novela do profesor, tradutor e crítico literario Ramón Nicolás (Vigo, 1966), tras *O espello do mundo*, revisita desde certa perspectiva galega o horror da ditadura militar argentina (1976-1983) por medio do diario escrito por un individuo que fuxiu da guerra do 36 e que acabou perdendo logo no país de acollida a súa amada filla Iria a mans dos fascistas da Escola Mecánica da Armada. Como é ben sabido, o secuestro, tortura e asasinato en setembro de 1976 dun grupo de estudantes que participaran activamente en diversas mobilizacións para reclamaren unha redución do prezo dos billetes de transporte é coñecido na historia argentina como a “Noite dos Lapis” e xa deu orixe a libros como o de María Seoane e Héctor Ruiz Núñez, *La noche de los lápices*, e ao filme homónimo dirixido por Héctor Olivera en 1986, con guión de Daniel Kon. Na novela de Ramón Nicolás, alén dunha recreación conmovedora deses terribes feitos, hai abondo parágrafos sobre a presenza galega en Argentina como para non sentirmonos alleas ao que aconteceu aló cando aquí a ditadura de Franco comezaba a ficar pola popa... Unha lectura é esta, coidamos, das que poden axudar a vacinar contra algúns cantos de serea que debidamente magnificados e edulcorados por certos sectores, como antes fixeron noutras latitudes cos Trump, Salvini, Bolsonaro, etc., pretenden encher de votos nestes días no Estado español as alforxas da dereita extrema e/ou ultradereita, en calquera das súas tres actuais expresións partidarias.



Prosegue a andaina da xa veterana *Revista Galega de Educación*, editada por Nova Escola Galega e dirixida por Xesús Rodríguez, coa edición dun número 72 que presenta como tema monográfico o dos Servizos Complementarios (comedor e transporte escolar). Ofrécense nel dous traballos sobre a evolución e a situación xeral destes servizos en Galiza e noutras dúas comunidades autónomas, outros traballos sobre dúas experiencias de xestión de comedor escolar marcadamente distintas (Samos e Ames), un artigo sobre os criterios que deberían rexer a oferta de produtos alimentarios e o enfoque nutricional dos comedores escolares e outro máis sobre a preocupante deriva normativa que ameaza o sistema de xestión das cafeterías dos centros escolares. A abordaxe das diversas problemáticas actuais do transporte escolar acompáñase noutro dos artigos cunha batería de propostas de racionalización. Desde “Anpas galegas” reivindicase a gratuidade deses servizos complementarios e a necesidade de que contribúan á conciliación da vida laboral, escolar e familiar.

O número achega, ademais, interesantes materiais nas súas outras seccións habituais: *Editorial*; *Entrevista* (sobre a avaliación que docentes, familias e alumnado fai dos materiais didácticos dixitais); *A Lingua* (cun traballo de Silvia Raña sobre adquisición e uso de léxico galego no alumnado castelanfalante); *Experiencias*

(“Iconografía de xénero nos váteres” do IES Pedra da Auga e “A vida no acuario”, do CEIP Plurilingüe Serra de Outes); *Pensar o Ensino* (“A verdade sobre o nivel da educación e dos estudantes”, de Vázquez Freire); *As Outras Escolas* (sobre a Aula Geolóxica de Robles de Laciana, León); *Investigación* (sobre o Proxecto ELISA - Estudo Lonxitudinal para unha Infancia Saudable -); *Educación social e Escola* (cun artigo de Ana M. Amigo); *Xoguetainas e Brinquetainas* (cun traballo de Barreiro Ínsua que percorre a historia dos encontros escolares de xogos tradicionais); *Recursos do Contorno* (cun artigo de Xosé M. Malheiro sobre Museos e Centros de Interpretación nas beiras do río Miño); *Panoraula* (co seu compendio elaborado por Antón Costa e Xosé Ramos de novas de actualidade educativa, iniciativas, encontros, xornadas, publicacións, recursos e un pequeno e por desgraza inevitábel obituario en lembranza de figuras como Benedito Villar, Elixio Villaverde, Xabier P. Docampo, Xosé M. Rodríguez Abella ou Juan Llauder); *Panoraula Dixital* (con novas sobre experiencias, ferramentas e páxinas da Rede de interese para a acción pedagóxica que ofrecen Denébola Álvarez-Seoane e Ana Rodríguez-Groba); *Recensións* (sobre aspectos da narrativa “robinsoniana” de Defoe e Tournier) e *Outras lecturas* (cun duplo comentario de Pilar Sampedro sobre dúas novidades editoriais vinculadas á figura da pedagoga galega Antía Cal: *O arte e a súa historia* e máis *O libro dos nenos*, esta última xa comentada pola nosa compañeira Branca Guerreiro no *Aulas Libres* 11).



Estabelecer un corpus teórico que permita por de manifesto a vinculación entre o feminismo e os estudos de literatura infantil e xuvenil (LIX) no contexto galego, visibilizar o papel que os grupos feministas e de mestras tiveron na procura dunha educación igualitaria e analizar como os textos literarios infanto-xuvenís do ámbito galego se viron influenciados en maior ou menor medida polo movemento feminista son os tres grandes obxectivos deste ensaio de Montse Pena Presas, que bebe directamente da súa tese de doutoramento, dirixida por Dolores Vilavedra e Bieito Silva.

Profesora de Didáctica da Lingua e da Literatura na USC, a autora divide o seu ensaio en dous grandes apartados. No primeiro, baixo o título de “Movemento feminista, coeducación e crítica da literatura infantil e xuvenil”, comeza debullando algúns aspectos metodolóxicos (achegando, por exemplo, unha breve caracterización de publicacións galegas como *A Saia*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Fadamorgana* e *Revista Galega de Educación*). Sinala, a seguir, algúns dos trazos que particularizan os feminismos en Galiza (un capítulo breve e simplificador de máis, ao noso humilde entender), achégase ao labor pioneiro de colectivos feministas e grupos de mestras a prol da coeducación (con mención expresa da Asemblea de Mulleres de SGTE,

feminismos e literatura infantil e xuvenil en galicia, de montse pena presas

Ed. Laiovento

primeiro, e de STEG, despois), repasa diversas experiencias coeducadoras pioneiras entre nós e, finalmente, analiza a relación entre feminismo e determinadas instancias e individualidades que exerceron a crítica literaria de textos infanto-xuvenís: Carmen Blanco, Sabela Álvarez, Concha Báez, Rosa Santórum...

No segundo apartado do seu ensaio, Montse Pena céntrase en estudar panoramicamente o impacto concreto dos feminismos na LIX galega, distinguindo catro grandes etapas: unha inicial (1927-1980), na que predominou claramente a concepción androcéntrica nesa literatura, moi escasa por outra banda; unha etapa militante (1981-1989), na que a propia LIX en galego comezou a desenvolverse e afianzarse con claros influxos xa do feminismo en bastantes das obras publicadas, como *O segredo da pedra figueira*, de M^a Xosé Queizán, *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno e *O rei da nada e outros contos*, de Sabela Álvarez; unha terceira etapa de xeneralización de protagonistas nenas e mulleres na LIX (1990-2005), seguindo o ronsel aberto por Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre e Fina Casallerrey; e, por último, unha etapa actual (2005 a hoxe), na que os feminismos conflúen en moitos dos textos para o público infantil e xuvenil con outras subxectividade nas marxes: multiculturalismo, diversidade funcional, personaxes LGTB, masculinidades alternativas, etc. Dentro desta última etapa contextualízanse obras que poden servir moi ben como lecturas recomendadas ao noso alumnado e como material de traballo, comentario e reflexión na aula: *Titiritesa*, de Xerardo Quintiá e A. Quarello; *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas; *Nano*, de Concha Blanco; *22 segundos*, de Eva Mejuto; *Cartas de amor*, de Fran Alonso; *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros; *O agasallo de Anya*, de Sabela Núñez Singala; *Usha*, de María Reimóndez; *Makinaria e Penúltimas tendencias*, de Carlos Negro; *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre; etc.

Un traballo oportuno, clarificador e que suscita moitas reflexións sobre o rol que podemos desempeñar como educadoras e a importancia de contarmos cunha LIX feita por nós e desde nós.

máis que ver. cen historias do deseño en galiza de pepe barro

aulas libres

33

Eds. Xerais

A concepción da cultura galega dominante entre moitas de nós é fundamentalmente, queirámolo ou non, "literata". A importancia histórica do feito literario na afirmación da lingua, a circunstancia de que moitas escritoras e escritores teñan constituído "símbolos" do país en diversas épocas e o relativo "retraso" e "precariedade" con que outras manifestacións culturais (poñamos por caso o cinema ou o cómic) asentaron feitas na propia lingua poden ser razóns que expliquen en parte ese predominio do libro na "visualización", mesmo obxectual, da nosa cultura. Mais, loxicamente, hai, como indica o título da obra que comentamos, ben "máis que ver": logos, denominacións, formas e etiquetas dos produtos empresariais (Mondariz, Sargadelos, Zeltia, Zara...), maquetas, cabezallos e tipos de letra de revistas, xornais, fundas de discos ou coleccións editoriais, bandeiras, escudos, iconas e alegorías da propia Galiza, símbolos xacobeos, deseños cerámicos, marcas mariñeiras, edificios arquitectónicos e un longo e apaixonante etcétera.

De todo iso, de motivos, historias e figuras relacionadas coa comunicación visual e o deseño (Federico Ribas, Luís Huici, Camilo Díaz Baliño, Enrique Mayer, Ventura Cores, Castelao, Luís Seoane, Carlos Maside, Uxío Souto, Reimundo Patiño, Xohán Ledo, Isaac Díaz Pardo...), ocúpase no libro que comentamos Pepe Barro (Pontedeume, 1955), el que profesionalmente falando é autor, ademais, de traballos que todas (re)coñecemos, como a camiseta da hibernada selección galega, o sitio web da Academia Galega, a etiquetaxe dos viños albariños de Terra de Asorei ou as anovadas musealizacións das Casas de Rosalía en Padrón e Manuel Antonio en Rianxo.

O volume *Máis que ver* reúne cen artigos, a maior parte deles publicados previamente na sección "Botar un ollo" do semanario *Sermos Galiza*, partindo da base de que as imaxes "constrúen un discurso tan potente ou máis que os edificadas con palabras". Unha obra escrita con rigor, paixón e amenidade para coñecermos unha parte pouco reflexionada aínda da nosa historia, para anchar a nosa visión sobre a produción cultural e simbólica do país e para "aprendermos a ver" máis e mellor. Recomendabilísima.

escola de barbiana. carta a unha mestra

Ed. Kalandraka

A sétima e oitava entregas da Biblioteca de Pedagogía da Editorial Kalandraka, que dirixe Antón Costa, ofrecen a tradución para galego de dous clásicos da pedagogía máis comprometida cos socialmente marxinalizados e desposuídos: *A pedagogía do oprimido*, do brasileiro Paulo Freire, e a *Carta a unha profesora*, do italiano Lorenzo Milani.

Centrándonos a atención na segunda desas obras, prendémonos doado do seu estilo directo, sarcástico por momentos e lucidamente revelador. Trátase dun verdadeiro “panfleto”, no sentido máis positivo desta palabra, ou sexa, un texto que axita conciencias, unha ollada que desvela verdades propositadamente ocultas. A súa publicación e difusión, que resultou póstuma para o propio Milani, removeu as augas pedagóxicas italianas (e non só) en vésperas do Maio do 68, cunha demoledora denuncia do clasismo e conservadorismo inherentes ao sistema educativo e unha reivindicación de métodos e actitudes que cuestionaban de cheo o burocratismo e o memorialismo na docencia. O texto denunciaba con doses de evidente indignación a desigualdade de oportunidades que a escola teimaba en consagrar, daquela coma hoxe, en moitos sentidos e o espírito castrador dunha educación que pretendía reducir a marabilla de aprender a un mero xogo de exames e notas: *“Linguas, historia, ciencias, todo se converte en cualificacións e máis nada”*.

Escritor e pedagogo, o sacerdote florentino Lorenzo Milani (1923-1967) animou entre 1954 e 1967 na remota aldea toscana de Barbiana, a 45 km. de Florencia, unha “scuola popolare” que conmoveu os alicerces da sociedade italiana. Con formulacións ideolóxicas propias do chamado “catolicismo social”, no ambiente de achegamento ás capas sociais máis desfavorecidas desatado no seo da propia Igrexa católica por volta do Concilio Vaticano II, Milani co-escribiu co seu alumnado de orixes rurais e humildes (uns “Balbinos” como os que retratou maxistralmente o noso Neira Vilas) un manifesto de denuncia que conserva aínda hoxe, no esencial, toda a forza no seu apelo á conciencia honesta do profesorado para que non se converta nunha peza máis da engranaxe da discriminación por razóns económico-sociais.

Esta edición de Kalandraka, en tradución de Carlos Acevedo, enriquecése cun clarificador epílogo da autoría de Carmen Beti, catedrática de Historia da Educación na Universidade de Florencia e unha das grandes especialistas na pedagogía milaniana.

principio de incerteza de pilar ortega

Eds. Xerais

Gañadora do Premio Ánxel Fole de Narración Curta do Concello de Lugo en 2017, esta novela de Pilar Ortega Pereira (Vigo, 1975) está protagonizada por unha docente de secundaria que está embarazada e que se ve profundamente interpelada, tanto a nivel humano como profesional, pola situación complicada e angustiada en que vive unha das súas alumnas, inmigrante de orixes polacas. A situación espertará nela, ademais, recordos traumáticos da súa propia infancia no rural galego, coa figura dun pai abusador como sórdida sombra. Alén do interese argumental, destaca nesta obra un estilo narrativo propositadamente sobrio, directo, que axuda a multiplicar a forza das vivencias e das transformacións anímicas que a voz narradora vai revelándonos nun ton confidencial que a torna cálida e próxima.



para ouvir

Verónica Martínez Delgado

Ugía Pedreira, a comuna do barruzo e a atención á diversidade



aulas libres

35

Ugía Pedreira é unha cantautora galega que no seu repertorio inclúe folk, ska, electrónica, latina, boleiros, improvisacións e todo o que ela desexe.

Comezou na música galega cos grupos Chouteira, Xenreira, Nen@s da Revolta, A Matraca Perversa e Galegoz. Creou o Conservatorio de Música Tradicional e Folque e posteriormente aCentral Folque. Neste centro créanse proxectos como Nordestinas, Marful, Ecléctica Ensemble,...

Colaborou con múltiples músicos/as e poetas galegas ao longo da súa traxectoria musical, realizou os programas *Tres peixes voando* e *Un día por diante*, na Radio Galega. Con Marful tocou por toda Galicia, con excelente acollida por parte do público e da crítica. Representou a Galicia no Festival Womex. Na actualidade dirixe o Coro da Mariña xunto con Pierrot Rougier e o grupo Erikas e Peluxias. Tamén podes coñecela porque Sabela Ramil escolleu a canción de Marful *Tris Tras* para a final de Operación Triunfo.

Investiga como psicóloga, docente e nai arredor da diversidade funcional desde hai uns anos para mellorar a vida das persoas e buscar alternativas dentro da arte en xeral e en concreto da danza impro (Feldenkrais-Contact Improvisation) e das sesións de ABM e JKM. Con ese afán nace o proxecto actual.

a comuna del barruzo e a atención á diversidade

O seu primeiro disco-libro en galego-asturiano para nenas, nenos e adultos que aínda o son.

Este disco libro sitúase e inspírase no territorio Eo-Navia no Occidente asturiano, lugar onde moran os habitantes da Comuna del Barruzo e os seres que a protexen. O disco-libro consta de 10 cancións escritas en galegoasturiano, unhas, de poetas da zona como Héctor Acebo, Quique Roxíos, Belén Rico e Arturo Álvarez e as outras autorías son do bretón amigo da Comuna Nicolás Kervazo, de Ugía Pedreira e Pierrot Rougier, estes últimos cantores e compositores das músicas. É unha oda á ruralidade como fonte auténtica e fonte de recursos para a supervivencia, unha loanza á natureza e, polo tanto, o seu máximo respecto e coidado, unha apoloxía dos contrastes e diferenzas.

Cada cantiga vai identificada cun Ser Máxico que protexe a quen mora na Comuna del Barruzo e son responsables de manter unha serie de valores necesarios para a boa convivencia: *A Nena Pisquela _ A Isla dos Ventos_ Nayundes_ Irmá Florita_ A toba_ Natura_ O ser das Ervas_ O dicotín_ Gargallú_ A Encantada.*

Os valores da Comuna del Barruzo réxense por estes baremos: a ecoloxía como hábito / a creatividade como saúde / a curiosidade e variación motora da intelixencia / a non exclusión de ningún ser dentro das liñaxes / o aproveitamento do natural sen manipulación / os soños como información valiosa de futuro / o xogo como piar de relacionamento / a proximidade de recursos materiais e inmateriais como sustentabilidade / aceptación de todas as emocións como informativas para mellorar a súa xestión / empoderamento da imaxinación e consentimento dos paxaros na cabeza / tolerancia co aburrimiento para verse desde fóra e dentro / o cambio como poder transformador / a improvisación como compañeira de camiños.

Os ritmos das cancións van desde pop-rock a orquestracións máis clásicas de música de cámara, a concepcións mais étnicas, detalles de folk galegoastur, bretón, gaélico, da India, sons que recordan debuxos de Miyasaki, un reagee, ou rag-time, todas as músicas creadas para ser bailables e apostar pola expresión do movemento como manifestación de vida e polo tanto de aprendizaxe.

A modo pedagóxico cada letra leva indicada a variedade instrumental que se interpreta para traballar a súa identificación na escola, na casa, onde quixerades, creándose así paisaxes sonoras diferentes adaptadas á temática e ao Ser máxico. Atoparedes desde cromorno antigo, guitarras diferentes, sitar, cello, frautas, mandolinas, pandeiretas, caixón, pandeiros, violinos, silvos, carraca, sintetizadores, samples...

Estimadas docentes, tedes neste libro-disco un recurso valiosísimo para traballardes en aula sexa cal sexa o voso nivel educativo e tedes en Ugía e na súa docencia unha aliada e cómplice para sumar e construír na atención á diversidade.

Dirección artística e composicións: Ugía Pedreira
Producción musical, gravación, mistura e composicións: Pierrot Rougier.

Ilustracións: Mónica Justo.

Colaboradores: Rosa Cedrón (cello), Quim Farinha (violinos), Chus Diaz (sitar), Marina Oural (declamación)

Idea orixen e produtora executiva: Mialmaproducois Creativas.

Editorial: Noente Paradise (aCentral Folque)

Maquetación: Ricardo Cabanelas.

Masterización: Estudios Abrigueiro.

Facebook, youtube:

https://www.facebook.com/A-Comuna-del-Barruzo-336208387123728/?modal=admin_to

<https://www.youtube.com/channel/UCNVFfQtX8odeLy8cimLX-BA>

Editora, produtora:

www.folque.com

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100016958117932>

dous poemas

Verónica Martínez Delgado

Isto non se conta

-Nunca, nunca, nunca a ninguén, tía?

Xúramo, por favor.

Non foi o aparato,

nin as botas ortopédicas,

nin as gafas,

nin os deces en todas as materias,

nin ser a delegada e anotar ás que falan, crin que fora por ter peitos antes do que as outras...

Empezaron no instagram,

nunha semana silencio

e despois as cuspidelas e as pintadas.

Teño que facerlles os deberes,

a todas,

con distinta letra.

Esfumáronse dous iphone xa

e tres uniformes.

As bragas ardendo

e o axustador polo esgoto.

Non podo falar contigo

nin co profe de ximnasia.

Cando estean diante,

nin me saúdes.

Ti es a nova,

prepárate.

Disto non se fala

As pintadas nas portas do baño e nas paredes non falan de ti, falan de todas.

As pintadas das portas do baño están feitas con veneno e tinta negra indeleble.

Falan por baixo do tippex, volven saír se as escarvas.

Todo vén de linguas podres, de mans en formas de engano, de ouvidos pechados, das confianza rotas.

As pintadas das portas do baño non teñen que ver coas mensaxes que recibes a deshoras, cos alcumes e as risas nos corredores. As pintadas das portas do baño das rapazas teñen letra de rapaza.

Non teñen que ver contigo, antes de ti xa estaban no mesmo lugar. Apuntalaban o medo doutras que foron (que fomos) antes.



sedes de steg

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Pitelos nº 25, local 32, Galerías Viacambre.

15702 Santiago de Compostela

Tfno/Fax 981580700

compostela@steg.gal

Horario de atención de sede:

de luns a xoves de 9:00 a 15:00 h.

Venres de 9:00 a 14:00 h.

Martes e xoves tamén de 17:00 a 19:00h.

LUGO

Rúa Conde nº 31 - Entresollado esquerda.

27003 Lugo

Tfno/Fax 982240066

lugo@steg.gal

Horario de atención de sede:

de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

De luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h.

OURENSE

Rúa Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense.

Tfno/Fax 988252323

ourense@steg.gal

Horario de atención de sede:

luns, mércores e venres de 10:30 a 14:30 h.

Martes e xoves de 10:00 a 14:00h.

Luns e martes tamén de 17:00 a 19:00h.

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201.

36002 Pontevedra

Tfno/Fax 986 85 75 45

pontevedra@steg.gal

Horario de atención de sede:

de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

Martes e xoves tamén de 17:30 a 19:30 h.

O STEG pretende trasladar unha mensaxe ás Administracións e organizacións sindicais implicadas na elaboración da lexislación sobre oposicións para que se comprometan coa modificación do Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e acceso aos corpos docentes. Esta lexislación é a que permite determinados aspectos no proceso de oposición cos que STEG está en contra. Dende esta lexislación marco é dende a que as distintas administracións desenvolven as súas ordes e decretos, que finalmente son as que rixen na práctica o contexto actual.



O SINDICATO AUTÓNOMO E ALTERNATIVO

Só da pública
Sen profesorado de relixión
Sen subvencións

POR UNHAS OPOSICIÓNS TRANSPARENTES E EQUITATIVAS

Propostas do STEG para a modificación do Real Decreto 276/2007, de 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes.

Sabías que...

Dos tribunais:

- que o artigo 7 permite que as presidencia dos mesmos sexan escollidas a dedo?
- que no 6.2. explicita que quen bareme a fase de concurso sexan os propios tribunais e non a administración educativa como ata agora?
- que o artigo 5 propón que no caso de necesidade de máis dun tribunal se podan constituir comisións de selección para todas ou algunha das especialidades afectadas por esa circunstancia e que isto non se fai?
- Se fosen constituídas estas comisións podería garantirse a homoxeneidade entre tribunais pois as súas funcións serían:

- A coordinación dos tribunais.
- A determinación dos criterios de actuación dos tribunais e a homoxeneización dos mesmos.
- A agregación das puntuacións da fase de concurso ás adxudicadas polos tribunais na fase de oposición, a ordenación dos aspirantes e a elaboración das listas dos aspirantes que superen ambas as fases.
- A declaración das persoas aspirantes que superen as fases de concurso e oposición, a publicación das listas correspondentes aos mesmos, así como a súa elevación ao órgano convocante.

En relación ás probas:

Cremos axeitado dende o STEG que o artigo 10 do RD así como a Orde da Consellería que desenvolva as sucesivas convocatorias, deba retirar a esixencia da lectura pública, no camiño de mellor garantir o anonimato das persoas aspirantes.

Actualmente o contido é máis vago a este respecto e posibilita o actual contexto en que teñen lugar estas probas: "...nas probas escritas nas que non se requira a exposición oral polo candidato ou lectura ante o tribunal, deberá garantirse o anonimato das aspirantes".

Desde o STEG pedimos:

- que a inspección educativa participe no proceso selectivo para garantirlo
- que non se poida repetir voluntariamente como membro de tribunal o profesorado que así o desexe
- que a Administración Educativa sexa quen bareme a fase de concurso
- un tribunal único ou que actúe como único
- o acceso diferenciado (x número de prazas para as persoas interinas e x número de prazas para as persoas de acceso libre)
- que a momento correcto para coñecer os criterios de avaliación dos tribunais e as especificacións técnicas é no propio do DOG da convocatoria
- que é importante eliminar a lectura da primeira proba eliminatoria, das partes A e B para garantir o anonimato da mesma
- a defensa da programación e a exposición da unidade didáctica sexa gravada de oficio
- que aumente o número de persoas que pasan á segunda proba xa que o actual é moi baixo

Animámoste:

- A que acudas á lectura pública das dúas partes do concurso-oposición
- A que denuncies calquera irregularidade sen temor
- A que solicites a revisión da túa corrección do exame se non concordas coa nota obtida



aulas
libres **12**